Este informe desvela las graves consecuencias que pueden traer el descuido de la salud mental, especialmente a las personas que lo sufren directamente, pero también a sus entornos familiares, laborales, y al conjunto de la sociedad gallega. Por ello es imprescindible dar respaldo legal a las acciones que, con urgencia, se deben encaminar a paliar esta situación.



Los miembros de la comisión promotora suscriben las razones expuestas anteriormente.

Ana Lucía González Novás

David Río González

Ana María Río Novás

Miguel Carlos Plaza Cancela

Mónica Sabugueiro Agra

María Begoña Pérez Vegazo

Juan Manuel Bonome

Loreto Taibo Rama

Carmen Armada Martínez

Rita Concepción González Fernández

Esperanza Carmen Dominguez Bautista

Juan José Carballo Otero

María Lucinda Somoza Fernández

María Luz Cid Orin

PARLAMENTO DE GALICIA REGISTRO XERAL ENTRADA
05 MAI. 2021
Núm. 15778



LEI DE SAÚDE MENTAL DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Segundo o Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia: estímase que a situación (1994) da saúde mental require unha regulación particular, pero abandona a idea de regulala cunha lei independente considerando que o proxecto disgregaría unha concepción integral da saúde. No seu artigo 2 dispón que a saúde mental e a asistencia psiquiátrica integraranse no conxunto de plans e accións de saúde xeral, evitando calquera discriminación con outras áreas da saúde.

Despois de 26 anos dese Decreto, podemos afirmar categoricamente que non só quedou totalmente obsoleto, senón que, o que é máis grave, nin sequera cumpriu os seus obxectivos básicos. Ao non acadar os mínimos desexables acordos ás necesidades da poboación tanto nos Dispositivos básicos de saúde mental como nos Dispositivos complementarios, violouse o principio que inspirou este Decreto. Ao non desenvolver e proporcionar medios suficientes para a saúde mental, non só non se conseguiu a súa inclusión equitativa nunha concepción integral da saúde, senón que potenciouse a discriminación da saúde mental con outras áreas da saúde.

A Ley General de la Sanidad (Ley 14/1986, do 25 de abril), con 34 anos, só dedica un artigo á saúde mental. O artigo 20 pretende, con só 20 liñas, regular o eido da saúde mental, que afecta a máis do 20% da poboación española.

A Ley General de Salud Pública (Ley 33/2011, do 4 de outubro), de case 10 anos, non dedica un só artigo á saúde mental.

A Ley de Promoción de la Autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia (Ley 39/2006, do 14 de decembro), e o Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la ley general de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social, recoñecen o dereito das persoas con discapacidade a ter unha vida en igualdade de condicións que o resto da cidadanía. Ao non existiren nin os medios nin o tecido infraestrutural suficientes, este dereito permanece só no papel do texto legal, pero baleiro de contido na vida real.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia refírese á saúde mental só para dicir que a súa asistencia corresponde a atención especializada (art.51.b) e para relatar os dereitos específicos en caso de ingresos hospitalarios (art. 14).

A Constitución Española de 1978, no seu artigo 43.1, recoñece o dereito á protección da saúde, cun mandato aos poderes públicos para organizar e protexer a saúde pública mediante medidas preventivas e as prestacións e servizos necesarios. Non obstante, o campo da prevención foi totalmente descoidado na saúde mental e as prestacións sempre foron insuficientes. O artigo 49 contempla un novo mandato para levar a cabo unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración do grupo de persoas con discapacidade ás que prestarán a atención especializada que requiren, e protexeráas especialmente para que poidan desfrutar dos dereitos recoñecidos no título I da Constitución. A realidade en Galicia é que non hai unha alternativa habitacional, laboral ou sociocultural suficiente e digna para as persoas con discapacidade por enfermidade mental.

Faise evidente que non existe unha base sólida, realista e xusta sobre a que se poida desenvolver un modelo racional e eficaz de asistencia psicolóxica e psiquiátrica que cubra as necesidades da poboación galega.

A realidade actual ofrece razóns suficientes para abordar e promulgar unha Lei de saúde mental particular e específica que desenvolva e especifique procedementos, protocolos e mecanismos de acción concretos e ben definidos para a asistencia sanitaria e social en saúde mental e protexa os dereitos das persoas con problemas de saúde mental.

II

No contexto internacional, e en relación coa saúde mental, a Organización Mundial da Saúde, fronte á necesidade dunha resposta integral e coordinada dos sectores sanitario e social dos diferentes países, emite o Plan de Acción Sobre Saúde Mental 2013-2020. Este Plan está orientado a garantir un tratamento integral cun enfoque multisectorial atendendo á promoción, prevención, tratamento, rehabilitación, atención e recuperación, para evitar situacións nas que se denegan os dereitos civís e políticos ou o dereito a exercer a súa capacidade xurídica.

Esta organización internacional tamén nos recordou en varias ocasións que as persoas con problemas mentais adoitan vivir en situacións de vulnerabilidade e poden ser excluídas e marxinas da sociedade, e que estas situacións contravén o acordo ratificado por diferentes países na Convención Internacional das Nacións Unidas sobre os dereitos de persoas con discapacidade, que no noso país está en vigor dende o 3 de maio de 2008. Dende entón aceptouse que todas as persoas teñen os mesmos dereitos e liberdades, e que tamén deben protexerse os dereitos



e a dignidade das persoas con discapacidade, así como a súa participación na vida civil, política, económica, social e cultural. A OMS insta aos países a legislar sobre saúde mental e a codificar os principios, valores e obxectivos fundamentais da política de saúde mental. Para iso propón establecer mecanismos legais e de supervisión para promover os Dereitos Humanos, desenvolver servizos sanitarios e sociais accesibles na comunidade, e planificar e asignar recursos suficientes para estes fins. O ano 2020 é a data para a que se agarda que os países prepararan ou actualizaran a súa lexislación sobre saúde mental.

Velar polo o cumprimento do dereito universal á protección da saúde da poboación constitúe unha esixencia xurídica.

A nova lei ten como obxectivo implementar un sistema que sitúe os dereitos humanos no centro, e que entenda a saúde mental como un factor de progreso social, xa que ata agora foi unha realidade ignorada ou, no mellor dos casos, relegada a un segundo plano no desenvolvemento dos servizos de saúde. As necesidades en materia de saúde mental non fan máis que aumentar, pero a atención a elas non segue a mesma tendencia; máis ben ao contrario, produce situacións descaradamente inxustas e discriminacións que, malia os cambios sociais e a mellora do sistema sanitario, non deixan de reproducirse.

III

Na actualidade a saúde mental debe considerarse unha prioridade absoluta. Segundo a previsión da Organización Mundial da Saúde, aproximadamente o 25% da poboación terá un problema de saúde mental na súa vida e, en 2030, os trastornos mentais serán a principal causa de discapacidade no mundo. Situacións de incerteza vital como a crise xerada polo COVID 19, o paro, a precariedade laboral, o maltrato, o consumo de drogas, o acoso infantil, os retos que deben afrontar as persoas do espectro do autismo... etc. aumentan os factores de risco. Polo tanto, consolidar un modelo racional e efectivo en saúde mental debe ser un dos principais retos e obxectivos do noso sistema público de saúde.

Se ata o de agora non supuxo un problema de grande importancia para ningún goberno, tanto nacional como rexional, foi porque as propias persoas afectadas e as familias, dende o ámbito privado, contiveron e seguen a conter o problema, dedicando tempo, cartos e a maioría ou todos os coidados.

Asumindo que a saúde mental ten un importante compoñente social e que se recoñece, a nivel nacional e internacional, que as persoas teñen dereito ao máis alto nivel de benestar físico, mental e social, non parece razoable relegar a saúde mental á esfera privada e familiar durante máis tempo, se non que é preciso xerar normas, plans e políticas públicas que sexan convenientes, practicables e que respondan ás necesidades reais das persoas beneficiarias.

Os recursos destinados a saúde mental non deben considerarse como un mero gasto, senón como un investimento necesario. Cada euro investido en saúde mental suporá, ademais dunha mellora cualitativa na vida da cidadanía, melloras na economía da comunidade; cunha redución da discapacidade, unha prevención de mortes prematuras (as taxas de suicidio máis altas atópanse en Galicia) e un aumento da produtividade laboral.

Por todas estas razóns e dada a situación de precariedade e emerxencia na que se atopan as persoas con problemas de saúde mental na nosa comunidade, a sociedade civil galega, de xeito activo e solidario, decide promover unha Iniciativa Lexislativa Popular para aprobar unha Lei de saúde mental en Galicia.

A nova lei pretende unha reforma estrutural da atención especializada para a saúde mental. E pretende ser o marco legal para acadar a defensa dos dereitos e a igualdade con outros grupos e áreas sanitarias a todos os niveis: a asignación orzamentaria, a planificación eficaz, a investigación....

No capítulo I establécese a reforma estrutural da atención á saúde mental en Galicia, coa creación dunha nova Rede de Asistencia Integral. Inclúese á Consellería de Política Social para a estruturación de competencias coordinadas que consoliden o novo modelo de atención comunitaria en saúde mental, e impúlsase a reorganización e adaptación dos servizos, centros e recursos que compoñen a Rede de Saúde Mental ás necesidades actuais. Faise especial fincapé no sector infantil-xuvenil, seguindo as indicacións da OMS, que advirte que a metade dos trastornos mentais maniféstanse antes dos 14 anos. E propúgnanse como obxectivos fundamentais: garantir a continuidade da atención e dos coidados, evitando a fragmentación; garantir unha xestión eficiente que garanta a sustentabilidade do sistema e a equidade e o equilibrio territorial dos servizos (incidindo no principio de transparencia e publicidade a todos os niveis), e erradicar o estigma e a discriminación, xa que un problema de saúde non nos define como persoas, é só unha circunstancia máis da nosa vida.

No capítulo II reorganízase a Rede de Saúde Mental de Galicia en tres áreas: Área de Atención Especializada en Saúde Mental, Área de Recursos Intermedios e Área de hospitalización, perseguindo o propósito de acadar unha atención integral e integrada na comunidade, así como garantir un circuíto permanente e continuo de coidados. Estas áreas



estarán coordinadas e dirixidas por unha Unidade de Xestión Clínica de Saúde Mental en cada un dos sete distritos sanitarios de Galicia.

O capítulo III desenvolve os dereitos e deberes das persoas con problemas de saúde mental, destacando como innovador: o dereito dos nenos, nenas, e adolescentes á prevención e promoción da saúde; o dereito a unha alternativa de residencia habitual e o dereito a unha continuidade asistencial. Se para unha primeira consulta en psiquiatría ou psicoloxía hai que esperar meses, non se pode falar de cuidados de saúde mental.

A nova Lei de saúde mental de Galicia sentará as bases e as redes de cohesión dun sistema sanitario para a prevención, o tratamento, a rehabilitación e as alternativas habitacionais en saúde mental, e garantirá prestacións e asistencia dignos adecuados ás necesidades da poboación e aos avances en ciencias da saúde, así como a mellora da humanización da saúde nesta área. Para iso será necesario aumentar as ratios de profesionais da saúde mental por cada 100.000 habitantes e achegarse aos parámetros da media europea: 18 en psiquiatría, 20 en psicoloxía, 8 en terapeutas ocupacionais e tamén en enfermaría especializada en saúde mental.

A complexidade do concepto de "saúde mental" chega a áreas de acción que van incluso máis alá de políticas sanitarias específicas. O novo Plan de Saúde Mental da Xunta de Galicia, publicado en outubro de 2020, pode ser un instrumento de apoio, pero susténtase nunha base lexislativa difusa en canto a los dereitos que se deben garantir en saúde mental e os medios necesarios. Ademais resulta insuficiente para solucionar os graves problemas que ven sufrindo a saúde mental dende hai anos, e que tenden a gravarse na actualidade pola crise sanitaria da COVID 19. Sen desestimar a importancia da atención domiciliaria, que ocupa o centro do antedito Plan, o foco debería estar no establecemento dunha atención especializada sólida e forte dende os centros de saúde de Atención Primaria e outros Dispositivos de Rede, especialmente no sector infantil-xuvenil, permitindo unha diagnose precoz e tratamentos preventivos que eviten o agravamento das patoloxías, as discapacidades e os ingresos hospitalarios.

Unha lexislación que protexe á poboación vulnerable é o reflexo dunha sociedade que respecta e se preocupa pola súa xente.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Obxecto

É o obxecto desta lei a reforma estrutural da atención á saúde mental en Galicia, coa creación dunha nova Rede de Asistencia Integral.

O obxecto desta lei comprende:

1. A coordinación e colaboración entre as distintas Administracións Públicas e organismos, especialmente a coordinación e colaboración directa entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, incluíndo a esta última para a estruturación e delimitación de competencias que consoliden o novo modelo de atención comunitaria en saúde mental. Para iso, desenvolveranse mecanismos de xestión e dirección que garantan a eficacia e a eficiencia clínica dos servizos no novo contexto asistencial e organizativo, para unha atención integral e transversal.
2. A reorganización dos Servizos de Atención en materia de saúde mental en Galicia, e a adaptación dos centros e os recursos a unha Rede de Saúde Mental adaptada ás necesidades actuais.
3. Promover a adopción de guías de práctica clínica baseadas na mellor evidencia clínica aplicable, e que incorporen os procedementos de actuación, integración de servizos e modos de avaliación máis adecuados.
4. Desenvolver a atención infantil-xuvenil con persoal cualificado neste sector.
5. Atención específica e especializada a pacientes xeriátricos e persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento.
6. Promover a investigación e a formación continua de profesionais como elementos de mellora continua.
7. Máximo respecto ás condicións de traballo dos profesionais sanitarios, garantindo a súa estabilidade laboral, así como a realización dos traballos de inspección e sanción necesarios para evitar a competencia desleal doutras persoas cuxos títulos non sexan oficiais ou homologables.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. O ámbito territorial de aplicación é a Comunidade Autónoma de Galicia.
2. O ámbito subxectivo de aplicación é para todas as persoas físicas que se atopen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e para calquera persoa xurídica que desenvolva neste territorio as actividades reguladas na mesma. Para acceder a unha praza nunha Unidade Residencial, a persoa tamén debe estar empadroada na Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 3. Principios e obxectivos

Sobre a base da equiparación total das persoas con problemas de saúde mental a outras persoas que requiren asistencia sanitaria, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social adaptarán a súa actuación aos seguintes principios:

1. Promover a saúde mental, a prevención de enfermidades, a asistencia, os cuidados, a rehabilitación e a reinserción social e laboral, de acordo cos principios xerais de equidade, eficiencia, calidade, respecto ao dereito á autonomía, así como a outros dereitos humanos e á dignidade das persoas.
2. Garantir a continuidade da atención socio-sanitaria na atención, evitando a fragmentación na atención. Implantaranse programas transversais e interdisciplinares para coordinar os dispositivos especializados de atención á saúde mental con outras institucións e dispositivos de atención non sanitaria implicadas na atención comunitaria da saúde mental.
3. Recoñecemento por parte das institucións sanitarias e socio-sanitarias da súa responsabilidade cara aos pacientes, as familias e a comunidade.
4. Corresponsabilidade e participación das persoas con problemas de saúde mental, as súas familias e os seus movementos sociais organizados, na definición, despregamento e seguimento das estratexias públicas de saúde mental. O proceso de toma de decisións desmonopolizarase, desenvolvendo mecanismos para compartir competencias e responsabilidades entre os diferentes grupos de interese, incluídas as entidades dos provedores de servizos e os seus usuarios e usuarias, os responsables da formulación de políticas e a sociedade civil.
5. Erradicar o estigma e a discriminación asociados a persoas con trastornos mentais, desenvolvendo políticas públicas de información e normalización, así como campañas de sensibilización, en colaboración co tecido asociativo vencellado á atención da saúde mental na nosa comunidade.
6. Promover a saúde mental no traballo e nas escolas, apoiar un envellecemento mental saudable, traballar con grupos de risco, prever a depresión e o suicidio, protexer e desenvolver a saúde mental no campo forense, e prever a violencia e o uso de substancias nocivas e adiccións.
7. Garantir que todos os centros de saúde públicos e privados cumpren a accesibilidade universal, eliminando as barreiras arquitectónicas, de información e de comunicación, así como facilitar o transporte sanitario necesario.
8. Velar por unha xestión eficiente que garanta a sustentabilidade do sistema, e a equidade e o equilibrio territorial dos servizos, facendo fincapé no principio de transparencia e publicidade a todos os niveis. Desenvolveranse protocolos regulamentarios de actuación específicos para o control e seguimento do bo funcionamento de todos os dispositivos hospitalarios e de rehabilitación psicossocial, e para a elección democrática e posterior seguimento do cumprimento dos obxectivos dos órganos de xestión unipersoais e dos órganos colexiados e da participación.

CAPÍTULO II: Estrutura da rede de saúde mental

Artigo 4. Áreas nas que se estrutura a rede de saúde mental de Galicia.

1. Coa fin de acadar unha atención integral e integrada de saúde mental na comunidade, así como garantir un circuíto permanente e continuado de cuidados, os recursos, dispositivos, centros e demais servizos que integran a Rede de Saúde Mental de Galicia reorganizaranse nas seguintes áreas, as cales dotaranse dos medios necesarios:
 - a) Área de atención especializada en saúde mental.
 - b) Área de Recursos Intermedios.
 - c) Área de Hospitalización.
2. Estas Áreas estarán coordinadas, supervisadas e dirixidas pola Unidade de Xestión Clínica de Saúde Mental, que se creará en todas e cada unha das sete Estructuras de Xestión Integrada de Galicia.

Artigo 5. Área de atención especializada en saúde mental.

1. A asistencia inicial para todos os problemas de saúde mental corresponde á Unidade Especializada de Saúde Mental adscrita ao centro de saúde de Atención Primaria ou ao Dispositivo da Rede de Saúde Mental máis conveniente para atender as necesidades da poboación.
2. A Unidade Especializada de Saúde Mental poderá estar situada no mesmo edificio que o centro de saúde ou noutro independente. Na súa sede levaranse a cabo as actividades habituais de asistencia psiquiátrica e psicolóxica en consulta, a práctica de determinadas terapias específicas, así como outras actividades de asistencia, docencia, organización e administración. Garantírase a continuidade no tratamento sen longos intervalos de espera entre visitas, e tamén poderase prestar atención ambulatoria.



3. As Unidades Especializadas de Saúde Mental contarán con equipos interdisciplinares formados por profesionais de psicoloxía, psiquiatría, enfermaría, traballadores sociais, terapeutas ocupacionais e apoio administrativo, que realizarán funcións de diagnose e avaliación, así como tratamento e seguimento a través de intervencións farmacolóxicas, psicoterapéuticas e rehabilitadoras. Tamén se encargarán da derivación dos pacientes ao resto de dispositivos da rede de saúde mental e da mellora da continuidade asistencial ao longo de todo o proceso asistencial.
4. Cada centro escolar terá como referencia unha unidade de saúde mental e seguirá os protocolos de intervención que se establezan sobre aqueles problemas e aspectos da saúde que se consideran de interese para a protección e promoción da saúde mental na poboación infantil e xuvenil. Outras unidades educativas, xudiciais, asistenciais e sociais como residencias e centros de día tamén terán unha unidade de saúde mental de referencia, priorizando a coordinación, o asesoramento e a colaboración con elas.
5. Tendo en conta o amplo sector da poboación afectada, e para a súa comparación xusta con outras áreas de saúde, a atención de saúde mental nesta área prestará especial atención á detección e tratamento precoz no sector infantil e xuvenil, e desenvolveranse **programas específicos** para satisfacer e completar todas as necesidades, como son as de: patoloxía dual; trastorno alimentario; coidados de saúde mental materna, depresión posparto; protocolo de prevención do suicidio; crise e tratamento de emerxencia; apoio psicosocial e atención á saúde mental para persoas con TEA e as súas familias; programas de prevención e tratamento da adicción; apoio psicolóxico para pacientes con cancro; tratamento da fibromialxia, e todos aqueles que se consideren necesarios.

Artigo 6. Área de recursos intermedios.

1. A área de recursos intermedios baséase nun enfoque biopsicosocial multidisciplinar e busca a integración da saúde mental no sistema xeral sanitario e social, así como a creación dunha rede sanitaria completa que evite o máximo posible o ingreso hospitalario.
2. O modelo organizativo desta área responderá á necesidade dunha actividade asistencial socio-sanitaria continuada, integrada na comunidade. Sistematizará as guías de actuación, os procedementos e os protocolos habituais para unha asistencia preventiva, curativa e rehabilitadora coa fin de acadar os mellores niveis de calidade, eficiencia, equidade e seguridade.
3. A rehabilitación psíquica e social será o obxectivo principal desta área, entendendo como tal o proceso que permite ás persoas con problemas de saúde mental ou déficit funcional, recuperar e/ou adquirir aquelas capacidades psíquicas, emocionais, sociais e intelectuais que lles permitan relacionarse coa comunidade co maior grao posible de autonomía e independencia.
4. Para acadar todos estes fins, crearanse e regularanse dispositivos de hospitalización parcial, os sistemas alternativos de residencia habitual e os centros de rehabilitación psicosocial e laboral necesarios para cubrir as necesidades da poboación, os cales integraranse na Rede de Asistencia á Saúde Mental, organizados nos seguintes grupos:

4.1. Hospitais de Día de Saúde Mental: dirixidos a pacientes nos que persisten síntomas activos, sen condutas gravemente disruptivas e cuxo aloxamento e coidados están garantidos. A súa función principal é garantir unha transición sen problemas entre o hospital e a comunidade. O acceso do paciente realizarase a través da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica e a súa derivación realizarase á Unidade de Saúde Mental de referencia.

4.2. Hospitais de Día Infante-Xuvenil e Unidades de Atención á Saúde Mental Materna.

4.3. Hospitais de Día de Tratamento das Adiccións.

4.4. Unidades Residenciais de Asistencia e Rehabilitación: son dispositivos deseñados para proporcionar atención a pacientes cuxa situación psicopatolóxica persiste despois do tratamento habitual implantado en unidades de saúde mental e unidades de hospitalización psiquiátrica, e que necesitan un enfoque terapéutico a longo prazo para lograr unha mellor adherencia ao tratamento e evitar así o risco de institucionalización, promovendo a súa rehabilitación para o acceso a un lugar nunha Unidade residencial de media ou longa estancia.

4.5. Unidades Residenciais de Media e Longa Estancia: Son dispositivos de atención residencial con diferentes graos de supervisión e apoio, dependendo das condicións de autonomía e dependencia dos seus usuarios e usuarias, que deberan integrarse na comunidade e ubicarse en entornos non excluídos do resto da poboación. Ofrecerán unha estadia temporal ou permanente para persoas con problemas de saúde mental con evolución crónica, e con deterioro psicosocial e déficit funcional, traballando o obxectivo de que poidan acceder progresivamente a unha maior integración social e laboral, así como a fórmulas residenciais que proporcionen un maior nivel de autonomía. Procurarase en todo momento a adecuada coordinación da rede de dispositivos de apoio residencial co resto da Rede de Saúde Mental, de xeito que se garanta a continuidade dos coidados e a asistencia sanitaria dos seus usuarios e usuarias.

4.6. Unidades Residenciais Xeriátricas.



4.7. Pisos protexidos e Vivendas de transición: destinados a persoas usuarias que gozan dun alto grao de autonomía persoal sen gran deterioro psicosocial nin déficit funcional.

4.8. Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral: para garantir a integración máis normalizada posible, promoverase tanto o uso de servizos como programas de formación, promoción e emprego xa existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a promoción de parte desta área de iniciativas específicas dirixidas a persoas con problemas de saúde mental. Garantirase en todo momento unha correcta coordinación coa Rede de Saúde Mental, para garantir a continuidade asistencial, a integración social e a eficiencia na xestión dos devanditos dispositivos.

Artigo 7. Área de hospitalización.

1. As Unidades de Hospitalización Psiquiátrica son dispositivos para o ingreso, tratamento e atención temporal de pacientes con psicopatoloxía aguda, coa finalidade de lograr unha redución da sintomatoloxía.
2. O ingreso farase ante á imposibilidade de abordar a patoloxía de xeito ambulatorio e sempre que se prevea un beneficio potencial do ingreso, como o axuste ou modificación do tratamento nun ambiente controlado.
3. Accederase ás Unidades de Hospitalización Psiquiátrica a través do servizo de emerxencias do hospital onde se atopa a unidade. Á alta, os e as pacientes serán derivados á Unidade Especializada de Saúde Mental de referencia, ou á Unidade Residencial correspondente, para a continuidade do tratamento.
4. As Unidades de Hospitalización Psiquiátrica estarán ubicadas e integradas no hospital, ou noutro independente. Adaptarán a súa estrutura, recursos e funcionamento ás características da súa especialización.
5. A Rede de Saúde Mental de Galicia contará con Unidades de Hospitalización Psiquiátrica suficientes para satisfacer as necesidades da poboación en cada unha das provincias galegas. O número de camas hospitalarias para atención psiquiátrica nunca pode ser inferior a cinco por cada 10.000 habitantes.

CAPÍTULO III: Dereitos e deberes das persoas afectadas por problemas de saúde mental

A Administración Pública de Galicia garantirá e protexerá, mediante a adopción das medidas adecuadas, a efectividade da protección dos dereitos aos que se refire esta lei. As infraccións por violacións de dereitos e o incumprimento dos deberes indicados nesta lei estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto na mesma, sen prexuízo da responsabilidade de calquera orde na que poida incurrir o seu autor ou autora segundo a lexislación vixente.

Artigo 8. Dereito a unha atención integral.

Toda persoa con problemas de saúde mental ten dereito a unha atención integral durante todo o proceso de prestacións sanitarias e sociais, comezando na Unidade Especializada de Saúde Mental e cubrindo todos os tratamentos e servizos de rehabilitación dispoñibles nas distintas áreas; de tal xeito que se garanta de xeito efectivo a continuidade terapéutica.

Artigo 9. Dereito de audiencia e autonomía.

Toda persoa con algún problema de saúde mental ten dereito a ser atendida, escoitada e a que as súas preferencias e intereses sexan valorados e considerados esenciais en todas as accións e decisións que lle concirnen, tanto no ámbito público como no privado.

Artigo 10. Dereito á información e ao consentimento informado.

1. Todos os servizos prestados no campo da saúde mental adoptarán tratamentos baseados no consentimento libremente outorgado, despois de que o paciente reciba unha información comprensible e suficiente sobre o significado do diagnóstico, as alternativas de tratamento, as medidas que facilitan a recuperación e os recursos dispoñibles de apoio mutuo e comunitario. Terá dereito a recibir esta información por escrito se o solicita expresamente.
2. En situacións de incapacidade permanente ou de incapacidade temporal causadas por unha crise de saúde mental, as persoas apoderadas ou titoras legais serán as responsables de velar polos dereitos das persoas con problemas de saúde mental ante a Administración. Corresponde a eles dar o consentimento por escrito para realizar os tratamentos propostos polos profesionais. En ausencia desta figura, corresponderá aos ou ás familiares, ou ás persoas achegadas máis próximas, sempre que demostren ter a dilixencia e capacidade esixidas pola lei, e que non teñen intereses propios contrarios ao benestar da persoa incapacitada.
3. No caso de admisión involuntaria, o consentimento será sempre por escrito. En ausencia de titores ou titoras legais, apoderados/as, familiares ou amigos/as íntimos, informarase ao Valedor ou Valedora dos e das pacientes con problemas de saúde mental, así como ao órgano xudicial competente nun prazo non superior a 48 horas; para que poidan efectuar las acciones de seguimiento e control que consideren oportunas.



4. Todas as persoas con problemas de saúde mental deberán ser advertidas de si os procedementos de diagnóstico e terapéuticos que se lles apliquen poden ser empregados nun proxecto docente ou de investigación, o que en ningún caso poderá comportar perigo adicional para a súa saúde. Nestes casos será imprescindible o previo consentimento por escrito do ou da paciente. No caso excepcional de incapacidade transitoria ou permanente, cando o proxecto puidese ser de relevante importancia para promover a saúde de la poboación representada e dita investigación non puidera ser levada a cabo con persoas que estean en condicións de prestar o seu consentimento, e si se respectan todas as garantías de procedemento, ese consentimento prestarano as persoas apoderadas o titoras legais, familiares o achegadas ou o Valedor ou Valedora dos e das pacientes segundo o previsto no punto 2 e 3 deste artigo.

Artigo 11. Dereito de acompañamento e de outorgamento de poderes preventivos.

1. Calquera persoa inmersa nun tratamento relacionado coa súa saúde mental pode escoller, libre de presións e coaccións, unha persoa que a acompañe durante a recuperación e que, en casos de incapacidade temporal, poida garantir os seus dereitos recollidos nesta lei e no resto do ordenamento xurídico. Calquera persoa con algún problema de saúde mental pode outorgar poderes a terceiros e establecer as pautas e criterios de actuación do apoderado/a; sempre de acordo e co respecto debido ao noso ordenamento xurídico.
2. Estes poderes formalizaranse en escritura pública ou, no seu defecto, ante o Valedor do Paciente a través dun protocolo establecido regulamentariamente. Os seus campos de aplicación estarán perfectamente delimitados: saúde, economía, relacións con cargos e autoridades públicas; autorización, conclusión, modificación e control do cumprimento dun contrato de asistencia ou asistencia a domicilio nunha Unidade Residencial; recepción e apertura de correo persoal. Terán efecto, ben no momento do outorgamento, ben noutro momento posterior no caso de discapacidade sobrevida. Neste caso, debe indicarse claramente o momento ou a circunstancia que desencadea os efectos do poder.
3. A Administración proverá e facilitará o exercicio deste dereito en caso de falta de recursos propios do concedente e / ou no caso de incapacidade permanente do mesmo.
4. Os devanditos poderes estarán suxeitos ao correspondente control xudicial e deixarán de ter efecto pola vontade do outorgante ou resolución xudicial.

Artigo 12. Dereito á protección contra as malas prácticas e as intervencións de risco.

1. Todos os tratamentos e intervencións que poden implicar efectos secundarios graves seguirán protocolos específicos, detallados e estandarizados, que se rexistrarán na historia clínica. Nestes casos, o consentimento será sempre por escrito. Os e as pacientes, ou as súas persoas autorizadas ou titores legais, sempre que o soliciten, poderán acceder á historia clínica e obter copias dos documentos ou protocolos que aparecen nela, salvo casos excepcionais nos que a divulgación de información clínica poida poñer en risco a seguridade de terceiros ou causar danos graves á saúde da persoa. A denegación do acceso realizarase mediante resolución motivada, que se poderá recorrer segundo as leis.
2. O Valedor ou Valedora dos pacientes con problemas de saúde mental será a figura responsable do seguimento e a auditoría destes protocolos. O obxectivo será poder estar informado en todo momento e poder emprender as accións legais correspondentes en caso de observar mala praxe ou negligencia.
3. Calquera persoa natural ou xurídica que invoque un interese lexítimo en relación a situacións de lesións dos dereitos de pacientes recoñecidos nesta lei pode poñerse en contacto co Valedor ou Valedora dos pacientes con problemas de saúde mental ou coa autoridade xudicial competente para solicitar a investigación que leva á aclaración da presunta mala praxe e, no caso de que proceda, a imposición das sancións correspondentes.
4. Todos os centros, servizos, establecementos sanitarios e socio-sanitarios terán formularios de suxestións e reclamacións permanentemente a disposición das persoas usuarias. As persoas usuarias poderán usalos cando queiran e recibirán unha resposta por escrito nun prazo non superior a 21 días naturais a partir do día da presentación da reclamación. O rexeitamento da reclamación pode ser obxecto de recurso segundo o establecido nas leis.

Artigo 13. Dereito a elixir psicólogo ou psiquiatra.

1. Calquera persoa con algún problema de saúde mental terá dereito a escoller ao psicólogo ou psiquiatra entre os que prestan os seus servizos na unidade de referencia de saúde mental, e de acordo coas normas reguladoras que resulten aplicables.
2. Tamén terán dereito a unha segunda opinión médica para fortalecer a relación médico-paciente e contemplar as posibilidades de atención sanitaria, nos termos que se establezan regulamentariamente.



Artigo 14. Dereito a unha alternativa de residencia habitual.

1. Calquera persoa con algún problema de saúde mental, para evitar unha fragmentación na continuidade asistencial que poida levar a ingresos hospitalarios continuos e para garantir o seu dereito a unha vida digna, pode ter acceso a unha alternativa de residencia habitual nos seguintes casos:
 - a) Ao recibiren a alta do hospital e non dispoñer dunha vivenda habitual propia.
 - b) Cando se comprobase que a situación clínica do paciente non melloraría prolongando a súa estancia no hospital.
 - c) Cando a complexidade do proceso e do tratamento o aconsellen.
2. A Xunta de Galicia disporá dun prazo máximo de 12 anos para crear as infraestruturas e dispositivos de Recursos Intermedios contemplados no artigo 6 desta lei, e que sexan suficientes para cubrir as necesidades da poboación e o cumprimento do exercicio deste dereito.

Artigo 15. Dereitos dos nenos e adolescentes afectados por problemas de saúde mental.

1. Implantaranse programas específicos dirixidos á prevención e promoción da saúde mental de nenos, nenas e adolescentes nas Unidades de Saúde Mental, en centros educativos, en unidades familiares e en servizos sociais, identificando e abordando os factores de risco psico-sociais.
2. Facilitarase a conexión entre estas estruturas e promoveranse especialmente os factores protectores destes programas en centros educativos e núcleos familiares, coa asistencia de profesionais sanitarios e traballadores sociais da correspondente Unidade Especializada de Saúde Mental.
3. Nos casos de malos tratos, acoso ou abusos, a asistencia psicolóxica, ademais de gratuíta, terá carácter prioritario.
4. Terán dereito a recibir atención psicolóxica ou psiquiátrica por profesionais cualificados no sector infantil-xuvenil as persoas de ata 18 anos, ou ata a idade que determinen os médicos da Unidade especializada de Saúde Mental correspondente.

Artigo 16. Dereitos das mulleres afectadas por problemas de saúde mental.

1. Ningunha persoa pode ser sometida a procesos de esterilización forzada e ningunha muller pode ser sometida a un aborto coercitivo, incluídas as mulleres con problemas de saúde mental.
2. As nais que presentan algún problema de saúde mental, se o desexan, terán dereito a contar con servizos de apoio psicosocial e sanitario para o exercicio da maternidade.
3. Os servizos sanitarios, sociais, xudiciais ou de acollida dirixidos á protección e atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, serán accesibles para todas as mulleres. Ningún diagnóstico de saúde mental será motivo de exclusión destes servizos, que deberán axustarse para anticipar as necesidades especiais que poden ter as persoas diagnosticadas deste xeito.

Artigo 17. Dereito a un tratamento libre de coaccións.

1. Implementaranse novas prácticas e protocolos de acción destinados a evitar a restrición mecánica e calquera outra práctica coercitiva, seguindo sempre o principio do "tratamento menos restritivo".
2. No caso de ter que aplicar a restrición mecánica, cada hospital ou centro socio-sanitario creará un rexistro no que deberán estar as restricións mecánicas realizadas, a identidade da persoa á que se aplica, a duración da mesma e os motivos. gravado. Regulamentariamente estableceranse os casos específicos nos que se poida aplicar a contención mecánica; así como os protocolos necesarios para a actuación, seguimento e control.
3. As persoas apoderadas ou titoras legais, familiares ou amizades íntimas dunha persoa con algún problema de saúde mental que precisase restrición mecánica, terán dereito a solicitar, en calquera momento, os datos do rexistro que afecten ao seu representado ou representada. No seu defecto, o Valedor ou Valedora dos pacientes con problemas de saúde mental ou o órgano xudicial competente poderán exercer este dereito.
4. Nos ingresos involuntarios e nos ingresos voluntarios nos que desapareza a plenitude de poderes durante o internamento, a dirección do centro deberá solicitar o consentimento por escrito ou informar aos órganos competentes na forma prevista no artigo 10 desta lei.

Artigo 18. Dereito á confidencialidade e ao trato digno.

1. Todas as institucións, organismos e servizos contemplados nesta lei están obrigados a garantir e protexer os datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais de todas as persoas físicas, especialmente a súa honra e privacidade persoal e familiar.
2. A obriga de manter a confidencialidade dos datos de saúde mental dos cidadáns recae en calquera persoa física ou xurídica, persoal sanitario ou que exerza unha función administrativa e que teña acceso a eles no exercicio lexítimo das súas funcións. A confidencialidade destes datos persoais de saúde manterase incluso despois da morte, coas excepcións que procedan legalmente.



3. O tratamento e almacenamento de datos, así como as comunicacións electrónicas dos mesmos que teñen que realizarse no marco da asistencia sanitaria e socio-sanitaria, deben realizarse utilizando as medidas de seguridade adecuadas establecidas pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
4. Estableceranse mecanismos específicos para garantir a privacidade e a intimidade das persoas cunha enfermidade mental. A información persoal rexistrada no sistema público de saúde só será accesible aos profesionais sanitarios que están a tratar a estas persoas e ao seu persoal de apoio administrativo; así como a profesionais do traballo social en relación coa saúde mental para os que o coñecemento destes datos é esencial para o exercicio das súas atribucións.
5. A violación do dereito á privacidade, intimidade, confidencialidade e trato digno e humano na práctica da saúde mental estará suxeita á extinción do seu cargo, no marco da lexislación aplicable a tal efecto, e das sancións e responsabilidades incluídas nas leis.

Artigo 19. Asistencia a pacientes forenses.

Estableceranse protocolos de actuación e colaboración coas autoridades e institucións competentes para garantir a asistencia sanitaria en materia de saúde mental nas institucións penitenciarias da Comunidade Autónoma de Galicia e para as persoas que, tanto ao comezo como durante un procedemento xudicial, requiran tal atención.

Artigo 20. Dereito a subvencións, pensións e outros ingresos.

As persoas con problemas de saúde mental terán dereito a obter as subvencións, pensións ou ingresos recoñecidos na lei. A Administración velará polo cumprimento deste dereito, garantindo a súa plena igualdade coas demais persoas.

Artigo 21. Deberes.

Tódalas persoas, en relación coas institucións, axencias e dispositivos do sistema sanitario e socio-sanitario galego no ámbito da saúde mental, teñen os seguintes deberes e obrigas:

1. Cumprir as prescricións xerais de carácter sanitario comúns a toda a poboación, así como as específicas que determinen os servizos sanitarios.
2. Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias e socio-sanitarias.
3. Responsabilizarse do uso axeitado das prestacións que ofrece o sistema de saúde.
4. Manter o debido respecto ás normas establecidas en cada centro, así como ao persoal que presta servizos neles.
5. Co fin de optimizar os recursos e contribuír á sustentabilidade do sistema de saúde mental, a prestación de atención socio-sanitaria, na súa modalidade de atención a longo prazo (Unidades Residenciais e Pisos protexidos), será co-financiada polas persoas usuarias. As cuotas ou taxas a pagar estableceranse regulamentariamente, atendendo sempre a criterios de equidade e xustiza social.

CAPÍTULO IV: ORGANIZACIÓN DA DIRECCIÓN DE SAÚDE MENTAL. ÓRGANOS CONSULTIVOS E PARTICIPACIÓN.

Artigo 22. Organización do persoal de saúde mental no Servizo Galego de Saúde.

1. A Dirección de Saúde Mental, así como os órganos consultivos e participación e demais cargos, reorganizaranse para adaptarse á nova estrutura de atención á saúde mental que propugna esta lei.
2. Todos os cargos e postos serán elixidos de xeito democrático e público. O departamento de saúde mental, así como as demais xefaturas e membros das Comisións, serán elixidos por un período de catro anos, renovable por un período máximo doutros catro anos. Despois destes oito anos, non poderán optar de novo ao mesmo posto ou a outro do mesmo rango ou características.

Artigo 23. Valedor ou Valedora dos e das pacientes con problemas de saúde mental.

No prazo de catro meses dende a entrada en vigor desta lei, crearase a figura do Valedor ou Valedora dos e das pacientes con problemas de saúde mental, que será nomeada polo Conselleiro ou Conselleira de Sanidade, a proposta dunha maioría cualificada da Comisión correspondente creada para esta función. Deberá demostrar coñecementos, cualificacións e experiencia profesional no campo da saúde mental e / ou servizos sociais relacionados coa saúde mental, así como valores compartidos sobre o estipulado na Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das persoas con discapacidade e as organizacións internacionais para a defensa dos Dereitos Humanos.

O seu mandato será de catro anos, renovables por un máximo de catro anos máis, por proposta unánime da Comisión.



As súas funcións serán as seguintes:

- a) Velar pola garantía dos dereitos humanos das persoas con problemas de saúde mental, e os dereitos especificados nesta lei.
- b) Realizar visitas de supervisión e seguimento, así como avaliar tanto as estruturas como a calidade da atención prestada, procurando que sexa integral e cumpra os obxectivos regulados nesta lei e outros que poidan ser aplicables. Poderá acceder ás instalacións e ás dinámicas de traballo sen previo aviso, así como entrevistar ao persoal, ás persoas usuarias, e aos titores/as ou familiares vencellados.
- c) Redactar un informe anual coas incidencias recibidas ou observadas, e a situación das estruturas e instalacións, que remitirá á Comisión.
- d) Publicar e divulgar un informe semestral sobre o estado da saúde mental na comunidade, especificando: deficiencias que se corruxirán e grao de prioridade das mesmas, melloras realizadas, obxectivos cumpridos e posibles demoras na execución e cumprimento do disposto nesta lei.
- e) Poderá propoñer a renovación de cargos e xefaturas no caso de incumprimento flagrante dos obxectivos fixados para os seus mandatos. O rexeitamento desta proposta por parte da Consellería competente debe estar motivado e divulgarse publicamente.
- f) O Valedor ou Valedora dos e das pacientes con problemas de saúde mental non pode ter formado parte, nin poderá formar parte de ningunha Comisión, como garantía da súa total imparcialidade e obxectividade.

CAPÍTULO V: SOBRE A FORMA DE PROVISIÓN DE CARGOS E XEFATURAS, E A SÚA SUBSTITUCIÓN E CESE.

Artigo 24.

A forma de provisión de cargos e xefaturas rexeráse polos seguintes principios:

- Total submisión á lei e ao dereito.
- A igualdade, o mérito, a capacidade e a publicidade.
- A eficacia, imparcialidade, obxectividade e transparencia dos órganos responsables da selección e provisión.

Artigo 25.

1. Os procesos para a provisión de cargos e xefaturas serán levados a cabo por Comisións formadas por persoas que se axusten aos principios de imparcialidade e profesionalidade. Estarán compostos por cinco persoas, debendo designarse o mesmo número de titulares que de suplentes, garantindo a paridade entre homes e mulleres, e renovaranse cada catro anos.
2. As persoas que forman parte das Comisións deberán ter a condición de persoal fixo do Servizo Galego de Saúde, nun grupo de cualificacións e nivel académico igual ou superior ao requirido para as prazas ofertadas.
3. Non poderán formar parte destas Comisións as persoas que, como persoal laboral fixo do Servizo Público de Saúde, se atopen nos seguintes casos:
 - a) Cargos de libre designación.
 - b) Persoas con conflitos de intereses co sector privado, vinculadas ao posto de responsabilidade.
 - c) Persoas condenadas por delitos contra a Administración Pública, a saúde pública, así como aqueles que atenten contra a liberdade ou a identidade sexual.
4. Ditas comisións actuarán suxeitas ás regras básicas do procedemento administrativo común, que regulan os órganos colexiados, así como ás causas xerais de abstención e recusación.

Artigo 26.

O procedemento para a provisión de cargos e xefaturas será mediante convocatoria dun concurso de méritos, baseado na avaliación por parte dunha Comisión do currículo profesional, e dun proxecto técnico relacionado coa xestión do posto que se vai desempeñar que deberá ser defendido publicamente.

A Comisión avaliará as seguintes cuestións ata un máximo de 60 puntos:

- a) O CV profesional das persoas solicitantes: ata 30 puntos. Para a súa avaliación atenderase á experiencia profesional, compromiso co Servizo de Saúde Pública, investigación e formación en títulos oficiais que sexan indicativos dos coñecementos e aptitudes precisos para o desempeño das funcións do posto.
- b) O proxecto técnico sobre a xestión do posto a desempeñar: ata 30 puntos. Debe incluír un programa de obxectivos cuantitativos e cualitativos.



Despois do acto público de presentación do proxecto, a Comisión elaborará un informe razoado axustado aos criterios de avaliación descritos, con asignación da puntuación diferenciada respecto aos apartados mencionados. O devandito informe debe ser publicado e divulgado.

Artigo 27.

1. As persoas solicitantes deben ter a condición de persoal fixo e na data de publicación da convocatoria deben estar activos no Sistema Nacional de Saúde; Terán a titulación académica requirida en cada caso, formación específica, nivel recoñecido e desenvolvemento profesional das funcións encomendadas ao posto de traballo a desempeñar.
2. As persoas que, cumprindo os requisitos anteriores, se atopen nalgún dos casos descritos no artigo 25 punto 3, non poderán acceder á convocatoria.

Artigo 28.

1. As persoas seleccionadas serán avaliadas dentro dos catro anos seguintes ao seu nomeamento, co fin de ampliar o desempeño do liderado, que en calquera caso non se poderá prorrogar por un período superior a outros catro anos.
2. A substitución realizarase polo mesmo procedemento para a provisión de cargos e xefaturas desenvolvidos nos artigos anteriores.
3. A baixa executarase de acordo coa normativa correspondente.

CAPÍTULO VI: DOS DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL SANITARIO DE SAÚDE MENTAL. INVESTIGACIÓN, FORMACIÓN E DOCENCIA.

Artigo 29.

Os dereitos e deberes do persoal sanitario en saúde mental, aos que se aplica esta lei, serán os recollidos na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos sanitarios.

Artigo 30

O persoal sanitario que traballa nas unidades de saúde mental debe ter formación especializada na materia, segundo a función do posto que desenvolva. Esta especialización será promovida e garantida polas autoridades competentes.

Artigo 31

Os poderes públicos promoverán a investigación, a formación e a docencia das persoas profesionais da saúde mental, co fin de acadar unha mellor adaptación ás necesidades da poboación.

1. A organización, coordinación, colaboración e réxime de funcionamento para as tarefas de investigación, formación e docencia regularanse polo contido da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, sen prexuízo doutras normas do mesmo ou superior rango, así como das competencias doutras Administracións.
2. A Consellería de Sanidade promoverá a educación en saúde mental mediante programas dirixidos á poboación en xeral ou a grupos de risco específicos.
3. Estableceranse programas de formación continuada relacionados coa saúde mental para todo o persoal das distintas categorías profesionais. Este traballo poderá realizarse en coordinación coas universidades, institucións educativas e órganos competentes das distintas administracións.
4. Débese promover a investigación en materia de saúde mental e dos coidados relacionados coa mesma, sexan ou non sanitarios. Esta investigación deberá estar contemplada nos plans de saúde mental que se elaboren, os cales serán avaliados en relación coa súa relevancia, eficacia, eficiencia e suficiencia.
5. A Xunta de Galicia establecerá canles de comunicación e colaboración con outras comunidades autónomas para promover programas coordinados con outros sistemas de saúde públicos, e para a investigación en materia de políticas públicas relacionadas coa saúde mental.
6. Instarase ao goberno central, a través das canles axeitadas, para o desenvolvemento e aplicación urxente da lexislación necesaria para implantar a especialidade médica en psiquiatría infantil e xuvenil, e así responder ás necesidades da poboación e ao cumprimento da directiva europea.

CAPÍTULO VII: RÉXIME XURÍDICO E DOTACIÓN ORZAMENTARIA

Artigo 32.

O regulado na presente lei integrarase e rexerese pola mesma normativa que o resto dos servizos contidos no Sistema Público de Saúde de Galicia e no marco do Sistema Nacional de Saúde, garantindo o acceso igualitario ás prestacións e servizos establecidos no ámbito da presente lei.



Artigo 33.

No marco da Lei de orzamentos da Xunta de Galicia, habilitaranse os créditos orzamentarios necesarios para o desenvolvemento das competencias que correspondan en materia de saúde mental, garantindo o cumprimento efectivo dos obxectivos e dereitos contidos na presente lei.

1. Os plans de actuación avaliaranse anualmente, previa aprobación da lei de orzamentos xerais. A devandita avaliación deberá ser publicada e divulgada.
2. Para o resto de cuestións en materia de financiamento será de aplicación o contemplado na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. O réxime de inspección e sanción será o previsto na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia; Así mesmo, tamén será de aplicación complementaria para o resto de cuestións que non están especificamente previstas nesta lei.

Segundo. Coa entrada en vigor desta lei, o termo "enfermo mental" será substituído por "persoas con diagnóstico de saúde mental" na normativa da Comunidade Autónoma, así como en calquera texto ou comunicación oficial reproducida en diante por escrito ou dixital signífica dependente da Administración pública.

Terceiro. As Unidades de Xestión Clínica terán a obriga de emitir e difundir anualmente un informe cos datos das Unidades de hospitalización psiquiátrica e dos dispositivos e persoal de Recursos Intermedios que posúan, detallando o número de camas, prazas dispoñibles e listas de espera; así como datos estatísticos que son de interese e permiten a avaliación continua da calidade do servizo.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. A reorganización e subministración dos recursos de saúde mental previstos nesta lei entrará en vigor gradualmente, en relación co seu contido e en cumprimento dos programas e plans de acción elaborados a partir da entrada en vigor desta lei, e en concordancia coas dotacións orzamentarias establecidas polas respectivas leis orzamentarias. A devandita reorganización e provisión deberá completarse nun prazo non superior a 12 anos despois da publicación desta lei no Diario Oficial de Galicia.

Segunda. Aprobaranse as normas regulamentarias adecuadas para adaptar a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ao establecido na presente lei, así como para desenvolver os dereitos e deberes contemplados na mesma.

Terceira. Nun prazo non superior a seis meses dende a súa entrada en vigor, crearase unha Comisión de Seguimento e Control para garantir a execución e cumprimento desta lei nun prazo máximo de 12 anos. Esta Comisión estará composta por 6 representantes da sociedade civil no eido da saúde mental, que serán elixidos de forma democrática e pública segundo establece a lei.

DISPOSICIÓNS DERROGATORIAS

Primeira. Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na presente lei.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira. Facultarase á persoa responsable da Consellería competente a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e adaptación desta lei.

Segunda. A presente lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 862**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os beneficios que se poderán ofrecer á cidadanía como consecuencia da posta en marcha do proxecto Innovaugas 4.0”**, (publicada no BOPG número 9 do 2 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“INNOVAUGAS 4.0 pretende unha xestión integrada avanzada das augas para optimizar os recursos hídricos e poder dar resposta a longo prazo ás demandas dos diferentes usos en equilibrio co medio natural e os ecosistemas fluviais, sen poñer en risco o logro dos obxectivos medioambientais establecidos para as masas de auga e atendendo aos novos escenarios determinados polo cambio climático. Para logralo, resultará indispensable dispoñer da tecnoloxía necesaria como a Internet das cousas, big data, data analytics, automatización e sensórica avanzada, UAVs, sistemas intelixentes embebidos, cloud-computing, block chain ou ciberseguridade.

Mediante a integración das novas tecnoloxías preténdese dar resposta ás necesidades xurdidas nos últimos anos en Augas de Galicia no desempeño das súas competencias como organismo de conca da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa e como Administración Hidráulica en Galicia.



O obxectivo final é potenciar unha administración da auga innovadora, que mellore en súa resposta á cidadanía, simplificando as relacións entre os usuarios da auga e o organismo de conca, e optimizando todo o coñecemento existentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:03:46



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3951**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado no que se atopa o proceso de elaboración do inventario forestal continuo de Galicia”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2020, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi contestada en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes o pasado 28 de maio do 2021 polo director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, dando resposta á pregunta 8056.

Remitimos o enlace coa resposta do Director Xeral de planificación e ordenación forestal:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzM1NTViYzEtMWQyMy00OTZkLWIONmUtZGNmMjRjMzcwMWQx&start=3696> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:51:40
Nº Rexistro: 28280
Data envío: 19/01/2022 10:51:40.157

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:51:35

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 861**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os beneficios que se poderán ofrecer á cidadanía como consecuencia da posta en marcha do proxecto Innovaugas 4.0 e a resposta que tivo entre os centros tecnolóxicos e grupos de investigación á hora de achegar propostas innovadoras para a xestión avanzada dos recursos hídricos”**, (publicada no BOPG número 9 do 2 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“INNOVAUGAS 4.0 pretende unha xestión integrada avanzada das augas para optimizar os recursos hídricos e poder dar resposta a longo prazo ás demandas dos diferentes usos en equilibrio co medio natural e os ecosistemas fluviais, sen poñer en risco o logro dos obxectivos medioambientais establecidos para as masas de auga e atendendo aos novos escenarios determinados polo cambio climático. Para logralo, resultará indispensable dispoñer da tecnoloxía necesaria como a Internet das cousas, big data, data analytics, automatización e sensórica avanzada, UAVs, sistemas intelixentes embebidos, cloud-computing, block chain ou ciberseguridade.

Mediante a integración das novas tecnoloxías preténdese dar resposta ás necesidades xurdidas nos últimos anos en Augas de Galicia no desempeño das súas competencias como organismo de conca da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa e como Administración Hidráulica en Galicia.



2

O obxectivo final é potenciar unha administración da auga innovadora, que mellore en súa resposta á cidadanía, simplificando as relacións entre os usuarios da auga e o organismo de conca, e optimizando todo o coñecemento existente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

2



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:03:58
Nº Rexistro: 27851
Data envío: 14/01/2022 11:03:58.759

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:03:56

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 3950**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado no que se atopa o proceso de elaboración do inventario forestal continuo de Galicia”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2020, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi contestada en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes o pasado 28 de maio do 2021 polo director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, dando resposta á pregunta 8056.

Remitimos o enlace coa resposta do Director Xeral de planificación e ordenación forestal:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzM1NTViYzEtMWQyMy00OTZkLWIONmUtZGNmMjRjMzcwMWQx&start=3696> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:51:44





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 15440**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para habilitar axudas para o sector viveirista de planta e flor”**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento, a Xunta de Galicia mostrou o seu compromiso e tendeu a man a agricultores, gandeiros e/ou silvicultores afectados polas repercusións económicas da crise sanitaria, co fin de acompañalos nesta crise e facilitar, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, tras unha análise dos sectores máis afectados polas consecuencias da pandemia, foron publicadas liñas de axudas excepcionais, das que foi principal beneficiado o sector das plantas ornamentais e da flor cortada, seleccionado en base a criterios obxectivos sobre as perdas constatables.

Ao respecto, co obxecto de recuperar as perdas ocasionadas polo parón da actividade por mor do confinamento, foron destinados fondos do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Repartíronse entre 110 entidade do sector da flor cortada e da planta ornamental máis de 1,6 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 09:33:19
Nº Rexistro: 27902
Data envío: 17/01/2022 09:33:19.402

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/01/2022 9:33:16

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16764**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **“a consideración da Xunta de Galicia respecto da necesidade da creación dun observatorio da Escola e Educación rural en Galicia como órgano colexiado consultivo, de asesoramento e participativo das diferentes entidades e administracións implicadas no desenvolvemento do medio rural e na estrutura dun modelo educativo propio da escola rural galega”**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 18514 e na Comisión 4ª de data 22/09/2021; á que nos remitimos porque, entre outras cuestións, serviu para dar conta da situación do ensino no rural en Galicia. O Goberno galego entende que o ensino no rural é de boa calidade e destaca pola implicación dos colexios e institutos nos programas impulsados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e tamén en programas europeos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:03:16
Nº Rexistro: 27845
Data envío: 14/01/2022 11:03:16.379

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:03:09

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 17395**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e don Martín Seco García, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego respecto das axudas ás e aos produtores de viño afectados pola tormenta de saraiba en Chantada”**, (publicada no BOPG número 159 do 24 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi respondida en Comisión 7^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes o pasado 2 de xullo do 2021 polo director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, dando resposta á pregunta 17393.

En consideración da situación de emerxencia ocasionada polas treboadas de pedrazo rexistradas o pasado mes de xuño na provincia de Lugo, o Goberno galego actuou coa máxima rapidez para determinar os danos producidos. Neste sentido, desprazouse ata o lugar un técnico para unha primeira valoración, a través da que se realizou a inspección visual da zona afectada, tomando fotografías dos devanditos danos ocasionados nos cultivos e delimitando a área xeográfica onde as consecuencias da sarabia foron maiores.

Ao respecto, o fenómeno climático afectou as comarcas da zona sur de Lugo, de Chantada e Monforte, concretamente aos concellos de Chantada e Saviñao.

Nesta liña, as persoas afectadas polo pedrazo, propietarios dos cultivos en cuestión, foron correctamente asesoradas pola Xefatura Territorial da provincia de Lugo, co obxecto de reverter as consecuencias da sarabia e salvar a produción vitícola.

Así mesmo, lémbrese que na anualidade 2016 tamén se produciron treboadas de pedrazo como as últimas, un sinistro que ten certa periodicidade na zona do sur de Lugo e fronte ao cal o Goberno galego aposta por fomentar os seguros agrarios. De feito, este 2021 foi convocada unha liña de axudas para a contratación destes seguros cun orzamento de 6 millóns de euros, cantidade un 20% superior á destinada a esta mesma finalidade no pasado ano 2020.



Desde a Consellería do Medio Rural deféndese a contratación de pólizas, xa que é a maneira de estar cubertos en caso de que se produzan danos en explotacións debido a algún tipo de fenómeno meteorolóxico extraordinario, como o acontecido en xuño do 2021. A Xunta concede estas axudas de forma directa aos agricultores e poderán ser beneficiarios os asegurados que sexan titulares de explotacións agrarias galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27883
Data envío: 14/01/2022 14:10:06.761

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:10:03

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7679**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“a consideración que lle merecen ao Goberno galego as feiras, mercados e mercadillos de proximidade, así como as medidas previstas para a reactivación desta actividade comercial”**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Como xa se reiterou en numerosas ocasións desde a Xunta de Galicia, esta cuestión habería que trasladarlla ao Goberno central, pois foi o que non protexeu expresamente a actividade en mercados ao aire libre no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19. Esta norma obrigou ao coñecido confinamento da poboación e ao peche de todas as actividades agás as alí reguladas, entre as que non se citan os mercados.

Posteriormente, no exercicio da súa responsabilidade, a Consellería do Medio Rural definiu un período de prohibición de sete días (entre o 24 e 31 de marzo) en agarda de que a administración central aclarase se os mercados ao aire libre podían celebrarse consonte ao Real Decreto 463/2020. Ademais, definiuse un protocolo de reapertura dentro desta situación sanitaria e así estar preparados cando retomasen a súa actividade.

Logo de varias consultas infrutuosas á Delegación do Goberno en Galicia para que aclarase a situación dos mercados dentro do estado de alarma, esta confirmou que non era posible celebralos. Posteriormente, a orde do Ministerio de Sanidade do 9 de maio de 2020 reabriu expresamente os mercados no seu artigo 10.6, o cal confirma a súa prohibición ata ese momento.

Neste sentido, a Consellería está de acordo coa protección e promoción dos mercados de proximidade, como fonte de alimentos sans, sostibles e de calidade incomparable, pero



tivemos que asumir a normativa estatal de obrigado cumprimento, como non pode ser doutro xeito nun Goberno autonómico responsable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 09:33:39
Nº Rexistro: 27904
Data envío: 17/01/2022 09:33:39.729

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/01/2022 9:33:36

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7707**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a elaboración e aprobación dun plan de xestión e de bioseguridade do xabaril”**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 24 de xuño de 2021 pola directora xeral de Patrimonio Natural, Dª. Belén do Campo Piñeiro, en resposta á pregunta oral 17157. Na súa intervención, a directora xeral explicou as medidas tomadas pola Xunta nos últimos meses relativas á xestión do xabaril e os investimentos realizados pola Consellería de Medio Ambiente.

Enlace ao vídeo da Comisión 7ª celebrada o pasado 24 de xuño de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-24?part=ab091988-fbc2-4774-a1fd-207f752d9438&start=3258> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28358
Data envío: 19/01/2022 16:12:55.166

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:12:52

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8829**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e don Martín Seco García, sobre **“o coñecemento pola Consellería do Medio Rural da problemática existente ante o veto de acceso ás axudas e a prohibición do aproveitamento comercial da madeira aos propietarios que aínda non ordenaron o monte”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi contestada en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes o pasado 11 de marzo do 2021 polo director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, José Luis Chan, dando resposta á pregunta 8830.

O responsable de Planificación e Ordenación Forestal explicou que calquera propietario forestal pode regularizar a súa adhesión a modelos silvícolas orientativos incluídos na normativa.

Esta adhesión é unha condición necesaria para poder facer aproveitamentos ou para poder percibir axudas ou beneficios fiscais. A Consellería do Medio Rural convocou no primeiro trimestre do ano 2021 ata catro programas de axudas para a creación e mellora de superficies forestais, por un importe de 26,3 millóns de euros.

Por último, lembramos que o pasado día 26 de febreiro a Xunta publicou unha Orde onde se establecen 38 modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos, incorporando un paquete amplo de modelos dirixidos á silvicultura e xestión de masas de frondosas autóctonas



(silvicultura próxima á natureza, conservación da biodiversidade, modelo dirixido á obtención de cogomelos, modelo de alto valor para madeira de calidade e outros), todos eles baixo o principio de “conservar xestionando de forma activa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27887
Data envío: 14/01/2022 14:10:47.870

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:10:44

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10143**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego desde a entrada en vigor do Real decreto 1078/2014 para loitar contra a contaminación do solo por nitratos e do aire por amoníaco, así como as previstas para ese fin”**, (publicada no BOPG número 96 do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi respondida en Comisión 7^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes o pasado 25 de marzo do 2021 polo director xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, dando resposta á pregunta 10142.

Neste sentido, o director xeral debullou as medidas do Goberno galego neste eido, como son as axudas para a adaptación do sector, o impulso ao centro da economía circular, o plan de pastos ou a mellora da base territorial das explotacións a través da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

A estes efectos, a Xunta está a impulsar diferentes medidas a prol da xestión sustentable e eficiente das dexeccións gandeiras, tendo en conta as particularidades do noso agro.

Como medida concreta, a consellería vén subvencionando desde o ano 2018, a través dos plans de mellora, a adquisición de cisternas con sistemas de aplicación de xurro (inxector ou depositador).

A maiores, en canto á xestión dos xurros en xeral, a Xunta é consciente das maiores restricións que está a adoptar a Unión Europea sobre o particular e que por iso impulsa medidas como a Lei de recuperación da terra agraria, que redundará na extensificación da



produción e, polo tanto, nunha mellora xestión destas dexeccións.

Outra medida nesta mesma dirección é a posta en marcha do Centro para o impulso da economía circular, que conta cun sistema de xestión integral dos xurros excedentarios, entre outros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27886
Data envío: 14/01/2022 14:10:40.511

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:10:32

CSV: BOPGDSPG-FajhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 11868**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da autorización do parque eólico Monte Chan, debido á afectación que provoca na paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba”**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 6ª do pasado 16 de setembro de 2021 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 18551.

Na súa intervención, a directora xeral destacou as actuacións levadas a cabo pola Xunta en relación á conservación da paisaxe protexida Penedos de Pasarela e Traba.

Enlace ao vídeo da Comisión 6ª celebrada o pasado 16 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

id=OTdkMmQ2NmItZTI2Ni00ZDK5LTg2ZTUtZmJjNzFjMDBlNGIx&start=57 ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28357
Data envío: 19/01/2022 16:12:48.619

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:12:45

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 11970**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a autorización dos dous novos proxectos eólicos promovidos na contorna da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba”**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 6ª do pasado 16 de setembro de 2021 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 18551.

Na súa intervención, a directora xeral destacou as actuacións levadas a cabo pola Xunta en relación á conservación da paisaxe protexida Penedos de Pasarela e Traba.

Enlace ao vídeo da Comisión 6ª celebrada o pasado 16 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTdkMmQ2NmItZTI2Ni00ZDk5LTg2ZTUtZmJjNzFjMDBlNGIx&start=57> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 10:58:43
Nº Rexistro: 28442
Data envío: 20/01/2022 10:58:43.053

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2022 10:58:36

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13256**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“a imposibilidade legal de nomear asesores nas axencias que posúen a condición de entes instrumentais da Administración pública, como a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural”**, (publicada no BOPG número 118 do 31 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi respondida en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, número de rexistro 13255, o pasado 15 de abril do 2021 polo secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural, dando resposta á pregunta 13255.

Remitimos o enlace coa resposta do Secretario Xeral Técnico:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2021-04-15?part=7b1c32b4-a023-41d7-a3d7-78da8bb3a796&start=5664> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27885
Data envío: 14/01/2022 14:10:27.995

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:10:24

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 13709**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e don Luis Bará Torres, sobre **“o tipo de seguimento que está a facer o Goberno galego da xestión, eliminación, reutilización ou reciclaxe dos pneumáticos usados depositados en Lendo, no concello da Laracha”**, (publicada no BOPG número 121 do 7 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 29 de abril de 2021 pola directora xeral de Calidade Ambiente, Sostibilidade e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 13707.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª do 29 de abril de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servicios-2021-04-29?part=56b728ec-fb73-46da-b680-3f8187838b6d&start=4980> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 10:58:32
Nº Rexistro: 28441
Data envío: 20/01/2022 10:58:32.163

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2022 10:58:29

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 15441**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para habilitar axudas para o sector viveirista de planta e flor”**, (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento, a Xunta de Galicia mostrou o seu compromiso e tendeu a man a agricultores, gandeiros e/ou silvicultores afectados polas repercusións económicas da crise sanitaria, co fin de acompañalos nesta crise e facilitar, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, tras unha análise dos sectores máis afectados polas consecuencias da pandemia, foron publicadas liñas de axudas excepcionais, das que foi principal beneficiado o sector das plantas ornamentais e da flor cortada, seleccionado en base a criterios obxectivos sobre as perdas constatables.

Ao respecto, co obxecto de recuperar as perdas ocasionadas polo parón da actividade por mor do confinamento, foron destinados fondos do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Repartíronse entre 110 entidade do sector da flor cortada e da planta ornamental máis de 1,6 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/01/2022 9:33:07



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16763**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **“a consideración da Xunta de Galicia respecto da necesidade da creación dun observatorio da Escola e Educación rural en Galicia como órgano colexiado consultivo, de asesoramento e participativo das diferentes entidades e administracións implicadas no desenvolvemento do medio rural e na estrutura dun modelo educativo propio da escola rural galega”**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 18514 e na Comisión 4ª de data 22/09/2021; á que nos remitimos porque, entre outras cuestións, serviu para dar conta da situación do ensino no rural en Galicia. O Goberno galego entende que o ensino no rural é de boa calidade e destaca pola implicación dos colexios e institutos nos programas impulsados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e tamén en programas europeos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:03:23
Nº Rexistro: 27846
Data envío: 14/01/2022 11:03:23.617

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:03:21

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 17444**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno da Xunta de Galicia de executar medidas urxentes e axudas directas á produción vitícola afectada pola pedra na Ribeira Sacra”**, (publicada no BOPG número 158 do 23 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“En consideración da situación de emerxencia ocasionada polas treboadas de pedrazo rexistradas o pasado mes de xuño na provincia de Lugo, o Goberno galego actuou coa máxima rapidez para determinar os danos producidos. Neste sentido, desprazouse ata o lugar un técnico para unha primeira valoración, a través da que se realizou a inspección visual da zona afectada, tomando fotografías dos devanditos danos ocasionados nos cultivos e delimitando a área xeográfica onde as consecuencias da sarabia foron maiores.

Ao respecto, o fenómeno climático afectou as comarcas da zona sur de Lugo, de Chantada e Monforte, concretamente aos concellos de Chantada e Saviñao.

Nesta liña, as persoas afectadas polo pedrazo, propietarios dos cultivos en cuestión, foron correctamente asesoradas pola Xefatura Territorial da provincia de Lugo, co obxecto de reverter as consecuencias da sarabia e salvar a produción vitícola.

Así mesmo, lémbrese que na anualidade 2016 tamén se produciron treboadas de pedrazo como as últimas, un sinistro que ten certa periodicidade na zona do sur de Lugo e fronte ao cal o Goberno galego aposta por fomentar os seguros agrarios. De feito, este 2021 foi convocada unha liña de axudas para a contratación destes seguros cun orzamento de 6 millóns de euros, cantidade un 20% superior á destinada a esta mesma finalidade no pasado ano 2020.

Desde a Consellería do Medio Rural deféndese a contratación de pólizas, xa que é a maneira





de estar cubertos en caso de que se produzan danos en explotacións debido a algún tipo de fenómeno meteorolóxico extraordinario, como o acontecido en xuño do 2021. A Xunta concede estas axudas de forma directa aos agricultores e poderán ser beneficiarios os asegurados que sexan titulares de explotacións agrarias galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 09:32:51
Nº Rexistro: 27899
Data envío: 17/01/2022 09:32:51.168

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/01/2022 9:32:45

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7671**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“as medidas de actuación do Goberno galego en relación á fixación do prezo do leite”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada en Pleno, á pregunta con número de rexistro 7672 polo conselleiro do Medio Rural, José González, o 26 de maio de 2021.

O compromiso da Xunta a prol do sector lácteo evidénciase, entre outras moitas actuacións, na Estratexia de dinamización do sector lácteo galego, unha aposta por eixos como a formación ou a transformación do leite na nosa comunidade.

Trátase de continuar aumentando a industrialización do leite en Galicia, incidindo na diversificación do produto e a súa transformación, co obxecto de xerar valor engadido que reverta un beneficio directo para os gandeiros galegos.

Un apoio que se formaliza con iniciativas como a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que permitirá fornecer de máis base territorial ás explotacións que así o demanden, o Plan de pastos de Galicia, que vai na mesma liña de facilitar maior base territorial, ou a próxima regulación e posta en marcha da marca de leite de pastoreo, que contribuirá a dar maior valor engadido ao leite pola súa orixe.



Ademais, a Xunta aposta porque a gandaría galega poidan entrar ás accións das empresas de transformación do leite, para obter así unha mellora dos seus ingresos pola vía do reparto de dividendos, algo que tamén se encadra no marco da Estratexia do lácteo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27891
Data envío: 14/01/2022 14:11:29.916

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:11:27

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7678**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“a consideración que lle merecen ao Goberno galego as feiras, mercados e mercadiños de proximidade, así como as medidas previstas en materia de seguridade sanitaria e reactivación desta actividade comercial”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Como xa se reiterou en numerosas ocasións desde a Xunta de Galicia, esta cuestión habería que trasladarlla ao Goberno central, pois foi o que non protexeu expresamente a actividade en mercados ao aire libre no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19. Esta norma obrigou ao coñecido confinamento da poboación e ao peche de todas as actividades agás as alí reguladas, entre as que non se citan os mercados.

Posteriormente, no exercicio da súa responsabilidade, a Consellería do Medio Rural definiu un período de prohibición de sete días (entre o 24 e 31 de marzo) en agarda de que a administración central aclarase se os mercados ao aire libre podían celebrarse consonte ao Real Decreto 463/2020. Ademais, definiuse un protocolo de reapertura dentro desta situación sanitaria e así estar preparados cando retomasen a súa actividade.

Logo de varias consultas infrutuosas á Delegación do Goberno en Galicia para que aclarase a situación dos mercados dentro do estado de alarma, esta confirmou que non era posible celebralos. Posteriormente, a orde do Ministerio de Sanidade do 9 de maio de 2020 reabriu expresamente os mercados no seu artigo 10.6, o cal confirma a súa prohibición ata ese momento.

Neste sentido, a Consellería está de acordo coa protección e promoción dos mercados de proximidade, como fonte de alimentos sans, sostibles e de calidade incomparable, pero



tivemos que asumir a normativa estatal de obrigado cumprimento, como non pode ser doutro xeito nun Goberno autonómico responsable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27890
Data envío: 14/01/2022 14:11:23.260

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:11:20

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 7788, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona María Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“as explicacións do Goberno galego ante as actuacións xudiciais que se están a levar a cabo no Centro Tecnolóxico da Carne”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta lembra que a investigación da Xustiza en relación coa actividade do Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) está aberta e o sumario é secreto. Neste sentido, o Goberno galego confía plenamente nos poderes xudiciais e atópase a disposición para colaborar con esa mesma dilixencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27889
Data envío: 14/01/2022 14:11:15.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:11:06

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7795**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona María Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“o fomento do uso de produtos do noso país nos comedores e servizos de catering dependentes da Xunta de Galicia e de entidades privadas”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Son numerosas as iniciativas da Xunta de Galicia a prol do fomento do uso de produtos agroalimentarios galego. Unha delas, a canle Mercaproximidade, creada como vehículo para poñer en contacto aos produtores coas cadeas de distribución non afectadas polo peche de actividades. Por esta vía, acadáronse importantes acordos comerciais en produtos como a pataca ou a carne de vacún.

Pero ademais, é preciso sinalar o convenio subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Parlamento de Galicia, por importe de 130.000 euros, para a compra de alimentos e a súa cesión a comedores sociais e bancos de alimentos (asinado a finais de 2020). Como tamén ‘Come Local’, unha campaña que ten por obxecto impulsar o consumo dos produtos agroalimentarios galegos con indicativo de calidade nos comedores escolares, no marco de Mercaproximidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27888
Data envío: 14/01/2022 14:11:01.307

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:10:52

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8068**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posta en marcha do proxecto Innoaugas 4.0 para a mellora da xestión dos recursos hídricos”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“INNOVAUGAS 4.0 pretende unha xestión integrada avanzada das augas para optimizar os recursos hídricos e poder dar resposta a longo prazo ás demandas dos diferentes usos en equilibrio co medio natural e os ecosistemas fluviais, sen poñer en risco o logro dos obxectivos medioambientais establecidos para as masas de auga e atendendo aos novos escenarios determinados polo cambio climático. Para logralo, resultará indispensable dispoñer da tecnoloxía necesaria como a Internet das cousas, big data, data analytics, automatización e sensórica avanzada, UAVs, sistemas intelixentes embebidos, cloud-computing, block chain ou ciberseguridade.

Mediante a integración das novas tecnoloxías preténdese dar resposta ás necesidades xurdidas nos últimos anos en Augas de Galicia no desempeño das súas competencias como organismo de conca da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa e como Administración Hidráulica en Galicia.

O obxectivo final é potenciar unha administración da auga innovadora, que mellore en súa resposta á cidadanía, simplificando as relacións entre os usuarios da auga e o



organismo de conca, e optimizando todo o coñecemento existente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:03:30
Nº Rexistro: 27847
Data envío: 14/01/2022 11:03:30.636

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:03:27

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 15439, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre “**as previsións da Xunta de Galicia para habilitar axudas para o sector viveirista de planta e flor**”, (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento, a Xunta de Galicia mostrou o seu compromiso e tendeu a man a agricultores, gandeiros e/ou silvicultores afectados polas repercusións económicas da crise sanitaria, co fin de acompañalos nesta crise e facilitar, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, tras unha análise dos sectores máis afectados polas consecuencias da pandemia, foron publicadas liñas de axudas excepcionais, das que foi principal beneficiado o sector das plantas ornamentais e da flor cortada, seleccionado en base a criterios obxectivos sobre as perdas constatables.

Ao respecto, co obxecto de recuperar as perdas ocasionadas polo parón da actividade por mor do confinamento, foron destinados fondos do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Repartíronse entre 110 entidade do sector da flor cortada e da planta ornamental máis de 1,6 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 09:33:32
Nº Rexistro: 27903
Data envío: 17/01/2022 09:33:32.386

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/01/2022 9:33:23

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16768**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **“a consideración da Xunta de Galicia respecto da necesidade da creación dun observatorio da Escola e Educación rural en Galicia como órgano colexiado consultivo, de asesoramento e participativo das diferentes entidades e administracións implicadas no desenvolvemento do medio rural e na estrutura dun modelo educativo propio da escola rural galega”**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 18514 e na Comisión 4ª de data 22/09/2021; á que nos remitimos porque, entre outras cuestións, serviu para dar conta da situación do ensino no rural en Galicia. O Goberno galego entende que o ensino no rural é de boa calidade e destaca pola implicación dos colexios e institutos nos programas impulsados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e tamén en programas europeos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:03:05
Nº Rexistro: 27843
Data envío: 14/01/2022 11:03:05.327

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:03:02

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16942**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e don Martín Seco García, sobre **“a distribución territorial dos medios de loita contra os incendios forestais”**, (publicada no BOPG número 155 do 16 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi respondida en Pleno con número de rexistro 16941 polo conselleiro do Medio Rural, José González, o 13 de xullo de 2021 e posteriormente polo Director Xeral de Defensa do monte, na Comisión 7ª celebrada o 17 de setembro de 2021, dando resposta á iniciativa 18797.

Insistimos na necesidade de avaliar series estatísticas históricas para poder adoptar, con fundamento, decisións relacionadas coa mellora da operatividade do persoal e dos medios de loita contra o lume. Neste sentido, lembramos que os dous últimos exercicios (2019 e 2020) caracterizáronse pola tendencia á baixa tanto do número de incendios como da superficie afectada, con respecto á serie histórica dende 1989.

Así mesmo, lembramos que unha das disposicións da Comisión de Expertos do Parlamento de Galicia, apoiada por aquel entón por todos os grupos da Cámara, poñía de manifesto a necesaria colaboración das deputacións provinciais –en termos de distribución territorial dos medios de loita contra os lumes forestais–, debendo asumir o papel que lles corresponde cunha maior implicación financeira. A única deputación que está a asumir as súas



competencias é a da provincia de Ourense.

Neste sentido, é preciso incidir na súa vinculación dada a lexislación vixente, que recolle que a loita contra os incendios se trata dunha cuestión compartida entre Goberno galego, entidades locais, concellos, mancomunidades e deputacións. A colaboración é esencial, máis en cuestións tan transcendentais como son os incendios forestais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27884
Data envío: 14/01/2022 14:10:20.542

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:10:11

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 17443**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona M^a Carmen Aira Díaz e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno da Xunta de Galicia de executar medidas urxentes e axudas directas á produción vitícola afectada pola pedra na Ribeira Sacra”**, (publicada no BOPG número 158 do 23 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“En consideración da situación de emerxencia ocasionada polas treboadas de pedrazo rexistradas o pasado mes de xuño na provincia de Lugo, o Goberno galego actuou coa máxima rapidez para determinar os danos producidos. Neste sentido, desprazouse ata o lugar un técnico para unha primeira valoración, a través da que se realizou a inspección visual da zona afectada, tomando fotografías dos devanditos danos ocasionados nos cultivos e delimitando a área xeográfica onde as consecuencias da sarabia foron maiores.

Ao respecto, o fenómeno climático afectou as comarcas da zona sur de Lugo, de Chantada e Monforte, concretamente aos concellos de Chantada e Saviñao.

Nesta liña, as persoas afectadas polo pedrazo, propietarios dos cultivos en cuestión, foron correctamente asesoradas pola Xefatura Territorial da provincia de Lugo, co obxecto de reverter as consecuencias da sarabia e salvar a produción vitícola.

Así mesmo, lémbrese que na anualidade 2016 tamén se produciron treboadas de pedrazo como as últimas, un sinistro que ten certa periodicidade na zona do sur de Lugo e fronte ao cal o Goberno galego aposta por fomentar os seguros agrarios. De feito, este 2021 foi convocada unha liña de axudas para a contratación destes seguros cun orzamento de 6 millóns de euros, cantidade un 20% superior á destinada a esta mesma finalidade no pasado ano 2020.

Desde a Consellería do Medio Rural deféndese a contratación de pólizas, xa que é a maneira



de estar cubertos en caso de que se produzan danos en explotacións debido a algún tipo de fenómeno meteorolóxico extraordinario, como o acontecido en xuño do 2021. A Xunta concede estas axudas de forma directa aos agricultores e poderán ser beneficiarios os asegurados que sexan titulares de explotacións agrarias galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 09:33:02
Nº Rexistro: 27900
Data envío: 17/01/2022 09:33:02.715

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/01/2022 9:32:58

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 19755**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de execución das rozas acordadas por convenio e que medidas se teñen tomado para chegar a una porcentaxe de execución aceptable”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, con número de rexistro 19754, o pasado 22 de outubro do 2021 polo director xeral de Defensa do Monte.

Remitimos o enlace coa resposta do director xeral de Defensa do Monte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDQ4ZDFjNzMtOTNlYi00ZmE5LWExYWYtOTk0MTEyYTY4MzI1&start=2212>

Para o exercicio de todas as accións contempladas no convenio, a empresa pública Seaga conta cun total de 160 traballadores, entre eles 30 novos capataces contratados no 2021 para incrementar o número de inspeccións do estado de xestión da biomasa nas parcelas das faixas secundarias, incluíndo tamén a supervisión de parroquias non priorizadas de concellos sumados ao acordo.

Na intervención, o director xeral de Defensa do Monte referiuse ao convenio de protección das aldeas como un acordo que presta un importante apoio aos 273 concellos adheridos, principalmente aos que teñen parroquias priorizadas, para -



entre outras cuestións- a revisión do estado de xestión das parcelas e a preparación de notificacións e publicacións ou os procedementos de execución subsidiaria, tendo en conta que as competencias neste eido son dos consistorios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28355
Data envío: 19/01/2022 16:12:34.916

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:12:31

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 19954**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e Daniel Pérez López, sobre **“a concesión dunha axuda por parte da xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo para a rehabilitación da antiga casa reitoral de Santo Estevo de Vilamor, no concello de Toques”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada en Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, con número de rexistro 19953, o pasado 7 de setembro do 2021 pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

Remitimos o enlace coa resposta da directora xeral de Agader:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OWU0MWE5NTMtZDUzZS00N2Q5LWI2NjltMTI0NjZiZWVmNzc5&start=281>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28352
Data envío: 19/01/2022 16:12:12.714

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:12:09

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 20376**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a prevención de lumes en Galicia”**, (publicada no BOPG número 194 do 1 de setembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia fai especial fincapé en que na nosa comunidade a loita contra os incendios forestais pasa ineludiblemente pola xestión do territorio. Neste sentido, é preciso afondar no uso agrícola, gandeiro e forestal sustentable da terra, como fórmula de xeración de actividade económica, pero tamén como a mellor devasa natural fronte o lume.

Neste ámbito de actuación atópase tanto a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia como o Plan Forestal 2021-2040, instrumentos que serán completados ao longo deste ano 2022 coas leis de loita integral contra os incendios forestais e de calidade alimentaria, esta última como mecanismo de valorización da produción agrogandeira galega.

Neste contexto, en relación aos bos resultados do balance de incendios da campaña do pasado ano 2021, cómpre sinalar que son atribuídos ao bo facer do dispositivo, á maior concienciación cidadá e ao efecto que están producindo medidas como a posta en marcha do teléfono de denuncias dos comportamentos incendiarios 900 81 50 85.

A prevención continúa a ser unha das liñas prioritarias da Consellería do Medio Rural, que vai desde o acondicionamento de pistas á posta en práctica de iniciativas como Interlumes, coa creación da primeira base aérea transfronteiriza anti incendios forestais entre Galicia e Portugal, ou o Centro integral de loita contra o lume que se está a desenvolver na localidade ourensá de Toén e no que xa se iniciaron as obras no 2021.

Finalmente, é preciso evidenciar a potencialidade da colaboración e do convenio de protección das aldeas asinado entre a Xunta, a Fegamp e Seaga, que permitiu completar a comprobación da totalidade das faixas secundarias de 92 concellos galegos e comprobar o



estado de 685.000 parcelas, que suman case que 44.000 hectáreas, sendo a porcentaxe de superficie xestionada dun 65%, é dicir, preto de 29.000 hectáreas repartidas en 432.000 parcelas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28344
Data envío: 19/01/2022 16:11:16.918

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:11:14

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 20388**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cumprimento da normativa medioambiental na execución dos traballos de reforzo do firme e mellora da seguridade viaria na estrada OU-525”**, (publicada no BOPG número 194 do 1 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas xestiona o seguimento da execución do contrato de reforma de firme e mellora da seguridade viaria na OU-525 en base ao proxecto aprobado, que contemplaba a reemprego do material de fresado como árido de recheo de gabias. En consecuencia, a Administración autonómica ten constancia do sistema de destino e tratamento dos residuos xerados na execución destes traballos.

Unha das motivación da Axencia Galega de Infraestruturas pola mellora do medio ambiente é, por unha banda, minimizar a xeración de residuos e, por outra banda, maximizar o reemprego de materiais sobrantes da propia obra que se poidan valorizar. Así, na proposición técnica da propia licitación das obras valórase o emprego de materiais con certificados de explotación sostible, materiais reciclados ou materiais reciclables. Para levar isto a bo fin, o proxecto construtivo xa contemplaba o reemprego de material de fresado para o recheo de gabias, por estar composto dun árido de excelente calidade e resistencia. Na redacción do proxecto xa se realizaron ensaios de contido de hulla sobre mostras de aglomerado da estrada, que resultaron de contido negativo e se incluíron no propio documento, para confirmar a posibilidade de reemprego.

Este reemprego, lonxe de ser prexudicial, é fornecedora dos valores medioambientais xa que a reutilización de materiais dentro da propia obra reduce a distancia de transporte do material posto que, en troques de levalos ata os vertedoiros autorizados, que son escasos na provincia de Ourense e poden ser decenas de quilómetros de ida e outro tanto de volta, acopianse e repartense na propia traza con distancias moi curtas. Isto leva consigo a redución de consumo



de combustible e a redución de emisión de gases. Ademais, evita aumentar o volume de vertedoiros, xa moi comprometidos, e reduce o espazo de superficie selada en destino e, como xa non é necesario novo material de recheo, prescínlese da extracción de material dos montes e minorase enerxía consumida pola maquinaria de fabricación do xabre ou da saburra que sería preciso para o recheo de gabias.

En canto ás medidas de vixilancia e control do cumprimento da normativa medioambiental, sinalar que o material que resulta do fresado é inerte, igual que é o firme das estradas, e non se prevé a disgregación do árido do betún, polo que pode utilizarse como un árido de recheo de gran calidade igual que se utiliza xabre ou saburra no recheo de gabias. Aínda así, tómase a precaución de confinar estes recheos nos seus extremos, para que non se espalle o material. Como non podía ser doutro xeito, cóntase coa autorización da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para esta obra, organismo que protexe o dominio público hidráulico na meirande parte desta provincia, en base ao proxecto no que xa estaba incluída esa reutilización de material. Ademais, realízanse mostras aleatorias do material de fresado para descartar o contido de alcatrán de hulla. Todas as mostras de control de material realizadas ata o intre de contestar esta pregunta son negativas, polo que podemos seguir afirmando que o material que reempregamos está exento de alcatrán de hulla.

A dirección de obra nomeada pola Axencia Galega de Infraestruturas realiza visitas á zona de obras de xeito frecuente das que se pode extraer que se está a executar o contrato conforme á normativa e ás prescricións técnicas actuais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:02:56
Nº Rexistro: 27842
Data envío: 14/01/2022 11:02:56.666

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:02:53

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 20562**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os criterios para a aprobación de proxectos e concesión de axudas pola Xunta Directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo”**, (publicada no BOPG número 194 do 1 de setembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Estas cuestións foron contestadas en Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, con número de rexistro 20561, o pasado 6 de outubro do 2021 pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Remitimos o enlace coa resposta da directora xeral de Agader:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGQ20ThkYmYtMGExYy00MzcwLWE2OTAtNWE2OTE2YzcxYzhh>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:51:03
Nº Rexistro: 28276
Data envío: 19/01/2022 10:51:03.939

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:50:56

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 20973**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os danos ocasionados polas tormentas ao sector vitivinícola da comarca do Ribeiro”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), , teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Estas cuestións foron contestadas en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, con número de rexistro 20972, o pasado 1 de outubro do 2021 polo director xeral da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal).

Remitimos o enlace coa resposta do director xeral da Agacal:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmlzN2EyMTQtN2VjYy00ZDg0LTlhOGMtYzE0YzA5ZTc5OGY1>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:50:24
Nº Rexistro: 28273
Data envío: 19/01/2022 10:50:24.815

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:50:20

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 21063**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o apoio ás producións vitivinícolas afectadas pola sarabia dos primeiros días de setembro na comarca do Ribeiro”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Respecto da afectación das treboadas a comezos de setembro do 2021 na comarca do Ribeiro, cómpre sinalar que a sarabia caeu sobre unha superficie aproximada de 190 hectáreas de viñas, das cales nunhas 130 os danos foron mínimos e nas restantes 60 hectáreas si houbo unha afectación maior. Segundo as avaliacións dos técnicos de Medio Rural, o total de uvas afectadas estivo por debaixo do 4% da produción da Denominación de Orixe.

Neste sentido, os efectos foron máis ben localizados no territorio e, en todo caso, os devanditos técnicos asesoraron desde o primeiro momento aos viticultores e ás adegas para minimizar posibles perdas.

Nesta liña, é preciso lembrar que o Goberno galego pon a disposición dos agricultores unha orde de axudas para fomentar os seguros agrarios, insistindo na necesidade de asegurar os cultivos fronte a incidencias deste tipo, lembrando que os danos en explotacións debido a fenómenos meteorolóxicos extraordinarios están cubertos polas pólizas agrarias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28341
Data envío: 19/01/2022 16:10:52.543

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:10:49

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 21176**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da situación provocada polo incendio en Ribas de Sil e os medios empregados en prevención de incendios forestais”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta aposta decididamente por un dispositivo anti incendios profesional, versátil e eficaz –mostra disto é que desde o ano 2018 aumentouse o tempo anual de traballo do persoal fixo discontinuo, pasando de tres a seis meses de traballo na actualidade–. Unha mellora que, ademais, incide directamente na prevención, xa que agora este persoal ten máis tempo para realizar este tipo de actuacións.

No caso concreto dos lumes da Ribeira Sacra de setembro do 2021, cómpre recoñecer o traballo das máis de 1.000 persoas que se mobilizaron para facerlles fronte. O seu esforzo e a profesionalidade fixo posible defender con éxito ás persoas e aos seus bens, que son a prioridade.

É preciso destacar tamén a rápida resposta do operativo, que no lume iniciado o domingo pola noite (antecedente dunha clara intencionalidade) contou cun tempo de reacción de 18 minutos, e no foco secundario iniciado o luns ao mediodía, foi de tan só cinco minutos.

Así mesmo, insístese en que quedou constatada a intencionalidade grazas á Unidade



de Investigación de Incendios Forestais (UIFO), formada por 15 membros da escala de axentes ambientais e centrada especificamente na investigación dos lumes e na coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, que tamén participaron na extinción dos lumes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:49:56
Nº Rexistro: 28270
Data envío: 19/01/2022 10:49:56.612

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:49:53

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7523**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado do proceso de elaboración do Inventario Forestal Continuo de Galicia a día de hoxe”**, (publicada no BOPG número 75 do 13 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi contestada en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes o pasado 28 de maio do 2021 polo director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, dando resposta á pregunta 8056.

Remitimos o enlace coa resposta do Director Xeral de planificación e ordenación forestal:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzM1NTViYzEtMWQyMy00OTZkLWIONmUtZGNmMjRjMzcwMWQx&start=3696> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:51:30
Nº Rexistro: 28279
Data envío: 19/01/2022 10:51:30.954

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:51:27

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8067**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **os beneficios que espera poder ofrecer á cidadanía o Goberno galego coa posta en marcha do proxecto Innovaugas 4.0**”, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“INNOVAUGAS 4.0 pretende unha xestión integrada avanzada das augas para optimizar os recursos hídricos e poder dar resposta a longo prazo ás demandas dos diferentes usos en equilibrio co medio natural e os ecosistemas fluviais, sen poñer en risco o logro dos obxectivos medioambientais establecidos para as masas de auga e atendendo aos novos escenarios determinados polo cambio climático. Para logralo, resultará indispensable dispoñer da tecnoloxía necesaria como a Internet das cousas, big data, data analytics, automatización e sensórica avanzada, UAVs, sistemas intelixentes embebidos, cloud-computing, block chain ou ciberseguridade.

Mediante a integración das novas tecnoloxías preténdese dar resposta ás necesidades xurdidas nos últimos anos en Augas de Galicia no desempeño das súas competencias como organismo de conca da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa e como Administración Hidráulica en Galicia.

O obxectivo final é potenciar unha administración da auga innovadora, que mellore en súa resposta á cidadanía, simplificando as relacións entre os usuarios da auga e o



organismo de conca, e optimizando todo o coñecemento existente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:03:42
Nº Rexistro: 27848
Data envío: 14/01/2022 11:03:42.532

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:03:34

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 21259**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da recuperación das zonas queimadas nos lumes de Ribas de Sil e Quiroga”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Respecto da recuperación das zonas queimadas tanto en Ribas de Sil como en Quiroga polos lumes ocasionado a comezos do mes de setembro do 2021, cómpre sinalar que na segunda quincena do mesmo mes levouse a cabo a aplicación de *mulch* de palla polo persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais para protexer os solos queimados.

Por outra banda, os estudos desenvolvidos en Galicia e noutras partes do mundo teñen demostrado que a sementeira non é unha técnica eficaz para protexer os solos queimados fronte á erosión. Neste respecto, en conformidade coa orografía do terreo, tampouco é posible facer a plantación de especies diferentes de pinos, especialmente por motivos de profundidade.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28338
Data envío: 19/01/2022 16:10:30.419

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:10:27

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 21588**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o acondicionamento da senda situada na PO-225 ao seu paso polo núcleo de San Caetano, na parroquia de Alba, no concello de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 203 do 23 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“No que se refire ás papeleiras de táboas de madeira colocadas na senda situada na PO-225 ao seu paso polo núcleo de San Caetano, cómpre sinalar que, conforme á Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a recollida de residuos é unha competencia municipal, non autonómica.

Por orde do Servizo de protección e fomento do Camiño de Santiago, da Dirección xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, tapáronse os restos da calzada romana orixinaria, ao considerar que era a mellor opción para a súa conservación. Descartáronse ventás arqueolóxicas dado que a experiencia demostra que non funcionan ben e os restos arqueolóxicos consérvanse peor.

Estes vidros soen encherse de humidade e fanse opacos. O vidro non é un bo pavimento para o tránsito peonil.

En canto ao sumidoiro sen enreixado, descoñécese a que sumidoiro se refire a pregunta parlamentaria. Non consta a existencia de sumidoiro algún sen tapa de rexistro.

O espazo dispoñible para contedores está limitado por accesos a vivendas en ambas as dúas marxes, de xeito que non hai máis espazo. Poderían cambiarse os contedores a outra situación próxima pero sería o Concello de Pontevedra o que, en virtude da lexislación vixente, disporía da competencia para realizar tal actuación.



No que se refire ao asfaltado da capela de San Caetano, no proxecto construtivo só se recollía a pavimentación da marxe dereita, dado que había intersección coa calzada autonómica e era necesario a efectos de reordenar a intersección. A marxe esquerda non está conectada coa calzada autonómica. Aínda así, cómpre sinalar que o dominio público non é de titularidade da Xunta de Galicia senón do Concello de Pontevedra.

O tránsito de peóns na zona do río Rons realízase pola marxe esquerda e está perfectamente defendido con varandas de peche que impiden a caída de peóns ao río. Unha vez pasado o río, crúzase á marxe esquerda cun paso de peóns. Na marxe dereita colocouse un petril para defender aos vehículos de caídas ao río, pois ao non existir tránsito de peóns, non hai necesidade de varandas de peche.

A fonte á que se fai referencia na iniciativa parlamentaria é propiedade da Asociación de Veciños de Alba. Repúxose ao seu estado orixinal. O tránsito peonil funciona perfectamente dado que hai unha boa visibilidade do itinerario.

O tramo que vai dende o inicio da Parroquia de Cerponzóns ata a ponte da vía do tren está fóra da zona de actuación do proxecto de construción que abarcaba o Camiño de Santiago”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:02:49
Nº Rexistro: 27841
Data envío: 14/01/2022 11:02:49.131

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:02:46

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 22210**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o despoboamento e a masculinización do rural”**, (publicada no BOPG número 207 do 30 de setembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A aposta do Goberno galego a prol da promoción do rural de Galicia é integral, centrada na fixación da poboación e, ao tempo, nun envellecemento activo e de proximidade, levando os servizos públicos alí onde reside a xente. Ao respecto, unha iniciativa sen precedente é a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, representativa dunha das liñas prioritarias da Consellería do Medio Rural, a recuperación e revitalización do noso rural.

Neste marco, a lei promove a recuperación da terra abandonada ou infrutilizada co obxecto de darlle base territorial a todo aquel que estea interesado en desenvolver actividade agrogandeira na nosa comunidade. Avogando pola recuperación demográfica, pola mellora da calidade de vida da poboación e, como non podería ser doutro xeito, pola anticipación aos lumes forestais.

Así mesmo, cómpre sinalar que dentro das axudas do Plan de Desenvolvemento Rural destacan o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas e a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións. En todas elas, dirixidas a fomentar a actividade económica e a fixación de poboación no rural galego, as mulleres beneficiáanse, dentro dos criterios de priorización, de dous puntos a maiores.



Así mesmo, aínda que se incorporan menos mulleres que homes á actividade agraria, a proporción de mozas incorporadas é superior ao de mulleres beneficiarias de plans de mellora, o cal é indicativo da 'feminización' progresiva da gobernanza nas explotacións profesionais de Galicia e, en consecuencia, no rural galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:49:38
Nº Rexistro: 28268
Data envío: 19/01/2022 10:49:38.378

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:49:33

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 22764**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Manuel Lourenzo Sobral, sobre **“a carta enviada pola Consellería de Infraestruturas á alca Idía de Tomiño en relación coa xestión da auga e depuradoras”**, (publicada no BOPG número 211 do 7 de outubro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O obxectivo do anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, actualmente en tramitación, é ordenar, reforzar e estender esa axuda a todos os concellos que o soliciten, sen crear novos impostos.

Un dos concellos máis beneficiados por ese apoio da Xunta en materia de servizos da auga é Tomiño. Así, por exemplo, a pesar de que as competencias en saneamento e depuración de auga residuais son municipais, o Concello de Tomiño leva desde 2005 sen asumir a xestión da depuradora municipal, da que se está a facer cargo Augas de Galicia.

Na misiva á que fai referencia a iniciativa, o Goberno galego convida á alcaldesa de Tomiño a asumir a xestión desta EDAR, facéndose cargo dos correspondentes custos e da responsabilidade da súa explotación e o seu mantemento, se non está conforme co modelo de apoio que proporciona a Xunta ao seu municipio en materia de augas.

Faise referencia así mesmo a comunicacións anteriores nas que se advertía de que o precario estado da rede de colectores de saneamento municipal está a impedir o correcto funcionamento da depuradora ao permitir unha entrada elevada de augas brancas. Unha circunstancia que, ademais de xerar un déficit de explotación, incrementa os vertidos.

Tamén se aclara á rexedora que o fin último da norma que está a impulsar a Xunta para a mellora integral do ciclo da auga é mellorar os servizos que se prestan aos cidadáns e a calidade das augas de Galicia, sen subir taxas nin crear outras novas, limitándose simplemente a reordenar as que xa existen.



O Goberno galego practica e respecta a discrepancia, pero cando se trasladan conceptos erróneos, terxiversados ou mesmo falsos, non se está a exercer o dereito a crítica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:02:41
Nº Rexistro: 27840
Data envío: 14/01/2022 11:02:41.784

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:02:38

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 22951**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Luis Bará Torres, sobre **“a falta de auga potable e de saneamento nas parroquias do concello de Pantón e noutras zonas do rural galego”**, (publicada no BOPG número 211 do 7 de outubro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, atribúe aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Outórgalles as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e sumidoiros. En suma, a prestación do servizo de abastecemento é responsabilidade dos concellos.

A Xunta de Galicia ten atribuído o apoio aos concellos e a colaboración, xa sexa técnica ou financeira, para acadar entre todos o desenvolvemento máis eficaz das súas competencias. En consecuencia, a Xunta está a colaborar co Concello de Pantón para poder iniciar as obras que doten de abastecemento ás parroquias ás que fai referencia a iniciativa. Así, a administración local redactou un proxecto que a comezos



do pasado mes de outubro a Deputación de Lugo informou favorablemente.

Superado ese trámite, procederase á supervisión do proxecto como paso previo á sinatura do convenio de colaboración que corresponda, e avanzar para conseguir a execución das infraestruturas que dean solución aos problemas existentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:02:33
Nº Rexistro: 27838
Data envío: 14/01/2022 11:02:33.905

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:02:27

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 22972**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e don Luis Bará Torres, sobre **“o incumprimento do caudal ecolóxico do río Verdugo na ponte do Inferno”**, (publicada no BOPG número 211 do 7 de outubro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O procedemento sancionador iniciado en outubro de 2020 por incumprimento do réxime de caudais ecolóxicos fixado para o aproveitamento hidroeléctrico de Ponte Inferno atópase, no momento de responder esta pregunta, suspendido, en tanto non se produza pronunciamento do Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra, no que se están a ventilar actuacións en relación cun posible incumprimento do réxime de caudais ecolóxicos na mesma presa de Ponte Inferno, dado que esta circunstancia podería condicionar directamente o contido da resolución administrativa finalizadora do procedemento administrativo.

No que atinxe ao dereito concesional relativo ao Salto de Ponte Inferno, indicar que está vixente, aínda que o procedemento de extinción do título habilitante atópase nun avanzado estado de tramitación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:02:22
Nº Rexistro: 27837
Data envío: 14/01/2022 11:02:22.884

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:02:19

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 24110**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Luis Bará Torres, sobre **“o mantemento e conservación da estrada LU-611 entre o concello de Bóveda, o do Saviñao e o de Taboada”**, (publicada no BOPG número 221 do 4 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A estrada LU-611, Rubián (LU-546) – Taboada (N-540), ten unha lonxitude total de 36,21 quilómetros, está catalogada dentro da rede local no conxunto da rede de estradas autonómicas e rexistra unha intensidade de tráfico moi baixa. Discorre por tres concellos, Bóveda, O Saviñao e Taboada, e serve a un tráfico basicamente local, é dicir, aos habitantes dos distintos núcleos que se localizan nas marxes ou nas proximidades desta estrada. Para mellorar as características superficiais da calzada e proporcionar aos usuarios unha maior comodidade e seguridade na circulación, a Xunta de Galicia, a partir do ano 2014, emprega nesta estrada pavimentación asfáltica con mesturas bituminosas en quente. Non obstante, dada a importante lonxitude e os recursos orzamentarios dispoñibles para atender a toda a rede de estradas, planificouse a actuación en varias fases. Así, durante os anos 2015 e 2016 investiuse en actuacións de mellora do firme entre os puntos quilométricos 35+900 e 19+410 máis de un millóns de euros. Recentemente redactouse o proxecto para actuar entre os puntos quilométricos 1+000 e o 5+020, que discorre polo concello de Bóveda, cun orzamento de licitación próximo aos 420.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:02:12





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 24144**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a desafectación do uso docente dunha vivenda dos mestres do concello de Nigrán para poder ser usada para fins sociais por parte da administración municipal”**, (publicada no BOPG número 221 do 4 de novembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 24143 e debatida na Comisión 4ª de data 03/12/2021; á que nos remitimos porque serviu para explicar que a Administración educativa galega está a cumprir co previsto na norma e autoriza as desafeccións cando se dan as condicións previstas na normativa.

No caso do Concello de Nigrán, hai que advertir de que eran varias as vivendas dedicadas a mestres na rúa San Roque-Balinfra, na parroquia de Camos. E xa houbo unha desafectación dun dos inmobles. Na actualidade, existe unha vivenda que está adxudicada a unha docente conforme á normativa vixente, dáse a circunstancia de que a adxudicataria segue cumprindo os requisitos de destino definitivo no municipio, paga recibos e xustifica que a está usando e que non a quere deshabitar. Nesta situación, non sería posible resolver a desafectación sen o previo desafuzamento da funcionaria. Este proceso pode facelo o propio Concello de Nigrán, xa que é o propietario da vivenda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:49:47
Nº Rexistro: 28095
Data envío: 18/01/2022 11:49:47.749

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:49:42

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 24375**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Manuel Lourenzo Sobral, sobre **“a garantía do ensino de calidade no instituto de ensinanza secundaria de Becerreá e a planificación do ensino no rural”**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 24374 e na Comisión 4ª de data 17/12/2021; á que nos remitimos porque serviu para expor a normativa que se segue para autorización da impartición de materias, conforme aos apartados Sétimo e Decimo cuarto da Resolución do 17 de xuño de 2021 (DOG N°123 do 30 de xuño). A demanda dun número mínimo de alumnado debe xustificar a impartición da materia, algo que no caso do IES de Becerreá non se produciu.

O ensino no rural está garantido en Galicia, tanto a nivel de recursos económicos como de dotación de servizos e de profesionais, adaptándoo ás características poboacionais de cada territorio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:49:38
Nº Rexistro: 28093
Data envío: 18/01/2022 11:49:38.186

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:49:33

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 24446, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Luis Bará Torres, sobre “a **seguridade viaria das vías CG-2.2 e CG-2.1 e a creación de pasos ecolóxicos para o desprazamento da fauna salvaxe**”, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2016, a Axencia Galega de Infraestruturas realizou un primeiro traballo para avaliar a incidencia dos accidentes con fauna salvaxe, co obxectivo de intentar definir tramos prioritarios de actuacións nos que estudar e comparar a eficacia das distintas medidas que existen no mercado para disuadir a este tipo de animais de que crucen a estrada. Neste traballo, realizado en colaboración coa Fundación da Enxeñería Civil da Universidade da Coruña, definiuse un índice de perigosidade, que permite establecer un límite para definir o que se denomina un TCAA (tramo de concentración de accidentes con animais), que é aquel tramo no que se teña rexistrado, polo menos, un atropelo de xabaril ou corzo por quilómetro e ano, como media dos últimos 5 anos.

No ano 2019, a Xunta actualizou o antedito estudo para o cálculo dos TCAA, engadindo os datos dos atropelos de fauna salvaxe, corzo e xabaril, dos anos 2017 e 2018. Na análise por anos compróbase que os accidentes por xabaril supoñen, na maioría dos casos, máis da metade do total de accidentes. Por esta razón, ante o risco crecente que supón a presenza do xabaril para os usuarios das estradas, o departamento de Infraestruturas da Xunta vén adoptando unha serie de medidas.

Así, nas estradas convencionais, onde resulta extraordinariamente complexo evitar a entrada de animais á calzada, óptase cando menos por medidas orientadas a informar ao condutor do perigo asociado a esa circunstancia, reforzando a sinalización. Nas estradas de acceso controlado, como son as autoestradas, autovías e vías para automóbiles e nas estradas autonómicas de nova construción, trabállase, xa no seu deseño, pola instalación de pasos de fauna. Tamén pola construción de vías de escape de fauna ou o reforzo de peches.

En distintas estradas autonómicas (fundamentalmente de Lugo, onde se detectan máis incidencias) estase a probar a utilización de reforzos de valado. Igualmente, estase a probar o emprego de



elementos disuasorios, como son os repelentes ou atraentes olfactivos ou captafaros reflectores.

Ademais, entre as medidas adoptadas débese destacar que en dous treitos da vía AG-64, no termo municipal de Narón, e da CG 2.2, no termo municipal do Corgo, pertencentes ás Vías de Alta Capacidade da Rede de estradas da Xunta de Galicia, procedeuse a substituír o cerramento convencional existente por un cerramento de alta tracción, de 1,5 metros de altura, que permita evitar accidentes e a sinistralidade causada polo acceso de animais á calzada.

A actuación, ademais da substitución do cerramento existente por un novo cerramento de seguridade, inclúe a execución de 12 ramplas de escape para posibilitar a saída dos animais das estradas no caso de que accedesen as mesmas e a execución de pasos antifauna (pasos canadienses) nos ramais de enlace onde se interrompe o cerramento, así como a colocación, con antelación aos pasos antifauna, de redutores de velocidade para 30 ou 50 qm/h e bandas transversais de alerta.

No que respecta aos datos de accidentes de animais desde a posta en servizo de ambos corredores. Débese puntualizar que a fonte dos datos que manexa a Axencia Galega de Infraestruturas neste tema é a Dirección General de Tráfico e que esta facilita datos de accidentes por atropelos de animais a partir do ano 2014. Partindo desa puntualización, pódese informar que na CG-2.1 houbo 151 atropelos de animais entre 2014 e 2020, dos que 120 foron atropelos a xabarís, e que, nese mesmo período, na CG-2.2 atropeláronse 262 animais, dos que 218 eran xabarís”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:02:07
Nº Rexistro: 27835
Data envío: 14/01/2022 11:02:07.330

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:02:03

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 25019**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do traslado ao Parlamento do informe de avaliación do Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 e do novo Plan 2021-2025 para o seu debate e aprobación”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas redacta anualmente a Memoria de Seguridade Viaria, documento que recolle unha comparativa dos accidentes con vítimas dos cinco anos anteriores e unha análise detallada dos accidentes rexistrados no ano anterior á súa edición.

O pasado 9 de xullo de 2021 adxudicouse o contrato de servizo para a redacción e seguimento do novo Plan de seguridade viaria. O lema que informa este novo plan, que pasa a denominarse ‘Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025’, é o da ‘Visión cero’, é dicir, que o horizonte buscado coas medidas que desenvolverá o Plan é o da redución ao mínimo posible das vítimas en accidentes de tráfico nas estradas galegas, de modo que nos aproximemos a un obxectivo final de cero vítimas de accidentes de tráfico.

Entre os traballos levados a cabo no marco deste contrato elaborouse un Documento inicial de Bases, que se presentou o pasado 27 de setembro de 2021 aos principais actores sociais relacionados coa seguridade viaria en Galicia coa fin de que puidesen participar na elaboración do Plan: DXT, Agrupación de Tráfico da Garda Civil, titulares de estradas, organizacións de vítimas de accidentes, Asociación de amigos do Camiño, usuarios da estrada tales como asociacións de ciclistas, asociacións de motoristas, autoescolas, federacións de transportistas, de transporte en autobús, taxi, etc, Colexios de enxeñeiros de Camiños e enxeñeiros industriais, Colexio de Psicólogos, CTAG.

O obxectivo desta xornada foi solicitar a todos eses actores sociais información, observacións e propostas que permitisen unha mellor elaboración da diagnose da situación da seguridade



viaria en Galicia, facéndolles así partícipes da elaboración e posterior desenvolvemento do Plan. A continuación elaborouse o Documento de Diagnose da seguridade viaria en Galicia.

En canto ao estado actual da tramitación, informar que xa está finalizado o Borrador do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025, que o pasado 22 de decembro superou o período de consulta pública. Unha vez analizadas as achegas recibidas, concluírase coa redacción do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27881
Data envío: 14/01/2022 14:09:52.215

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:09:43

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 25158**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os problemas no abastecemento de auga potable no concello da Merca”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia atribúen aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Outórganlles as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e sumidoiros. A prestación do servizo de abastecemento de auga de A Merca é, en consecuencia, responsabilidade do Concello.

Sobre o canon da auga, indicar que é un canon ambiental que se cobra por detraer auga do medio e que se reinveste no propio medio para paliar as afeccións que causa esa detracción. Ven regulado na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, que establece no seu artigo 44 a afección do importe recadado por este imposto aos programas de gasto que este mesmo precepto recolle.

Este imposto, por lei, ten que ser destinado, en todo caso, á protección, restauración e mellora do medio acuático, á colaboración coas administracións competentes para a acadar uns servizos eficientes de subministro e saneamento e á obtención da solidariedade interterritorial.

É un imposto que reverte e beneficia aos concellos. Os ingresos recadados do canon da auga destínanse a garantir a xestión administrativa de toda a Demarcación Galicia Costa e a realizar



un importante investimento en infraestruturas hídricas, tanto propias como executadas por outras administración coas que Augas de Galicia comparte cofinanciamento.

Dentro das súas competencias, a Xunta mantén unha importante colaboración cos concellos. Nos últimos anos tense investido moito para dotar aos concellos das infraestruturas necesarias para a prestación dos servizos de abastecemento e depuración de auga”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27880
Data envío: 14/01/2022 14:09:38.902

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:09:30

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 25175**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a protección pública do bosque autóctono"**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"No ámbito da defensa do bosque autóctono, premisa contida no Plan Forestal de Galicia 2021-2040, atópase a promoción da rexeneración natural de frondosas caducifolias, ata chegar a unha superficie total ocupada de 425.000 hectáreas en 2040, actuando nun 15% da superficie de frondosas. Por outra banda, no caso do castiñeiro, o PFG contempla un programa estratéxico para contribuír a súa conservación e posta en valor, con actuacións en 8.000 hectáreas deixa o 2040. Neste sentido, a Consellería do Medio Rural deulle prioridade a 45 concellos co obxecto de levar a cabo neles traballos de recuperación e mellora en 2.000 hectáreas de soutos tradicionais deica o ano 2025, atendendo ás figuras da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Medidas todas elas encamiñadas a protexer e fomentar o bosque autóctono desde a Xunta de Galicia, como é o caso da regulación temporal do eucalipto que, ineludiblemente, trae aparelada, no seo do Plan Forestal, a potenciación das outras especies, cun plan para o piñeiro e outro para o castiñeiro e o resto das frondosas, como se comentou anteriormente.

Ademais, cabe lembrar que o Goberno galego traballa ferventemente para poñer couto ás plantacións ilegais e a outros incumprimentos no eido forestal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:49:14
Nº Rexistro: 28265
Data envío: 19/01/2022 10:49:14.222

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:49:09

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 21151**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o momento en que tivo constancia a Xunta de Galicia do problema de contaminación das augas para consumo humano no concello de Castrelo de Miño e as medidas previstas ante esta cuestión”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia atribúen aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Outórgalles as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e sumidoiros. A prestación do servizo de abastecemento de auga de Castrelo de Miño é, en consecuencia, responsabilidade do Concello.

A pesar dilo, dentro das súas competencias, a Xunta mantén unha importante colaboración económica e técnica cos concellos para axudalos na prestación dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración de auga que lle son propios.

Así, o pasado día 3 de xaneiro a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello asinaron un convenio de colaboración para desenvolver as actuacións necesarias para reducir os niveis de arsénico do sistema de abastecemento municipal de auga, que suporán un investimento de 400.000 euros. A Xunta financiará a asistencia técnica ao Concello para definir as actuacións de emerxencia necesarias para a eliminación do arsénico con carácter urxente, as obras para abastecer con garantía sanitaria á poboación e a redacción do proxecto da solución definitiva a este problema.



No marco deste convenio, proxéctanse en primeiro lugar, actuacións de emerxencia para abastecer con garantía sanitaria a execución dunha solución definitiva, asumindo a Xunta o custo, tanto da asistencia técnica para a súa definición, como da súa execución.

Para atallar de forma inmediata esta problemática, na potabilizadora de Coto Novelle, mellorarase a dosificación de reactivos e levarase a cabo a substitución da area do filtro pechado actual por outra de alta capacidade, mediante un sistema automatizado. Ademais instalaranse analizadores de cloro e de turbidez en continuo.

Ademais, no depósito de Traveso, executarase un filtro para a eliminación de arsénico, con analizadores de cloro e turbidez en tempo real.

Xunto con isto, o convenio recolle a redacción do proxecto da solución que permita acabar de forma definitiva co problema da presenza de altos niveis de arsénico na auga do abastecemento. Ese proxecto elaborárase tomando como base o resultado do estudo de alternativas xa desenvolvido por Augas de Galicia.

Esta nova colaboración da Xunta con Castrelo de Miño súmase a outra actuación paralela para executar melloras na rede de abastecemento en varios núcleos do municipio por un importe de 40.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:01:58
Nº Rexistro: 27833
Data envío: 14/01/2022 11:01:58.482

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 11:01:55

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 25295**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da inclusión do alumnado con deficiencia auditiva en centros públicos ordinarios”**, (publicada no BOPG número 237 do 2 de decembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 24941 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/11/2021; á que nos remitimos porque serviu para explicar a normativa e os protocolos educativos que sigue a Administración educativa galega para a planificación e a intervención educativa co alumnado con discapacidade auditiva ou xordeira.

A elaboración do Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva contou coa participación de profesionais da orientación educativa, de especialistas de audición e linguaxe, de técnicos da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), de especialistas do Equipo de Orientación Específico e das asesorías técnicas docentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28186
Data envío: 18/01/2022 14:14:07.598

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 14:13:58

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 25598**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os informes que ten elaborado o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia desde a súa creación”**, (publicada no BOPG número 240 do 13 de decembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 6/2012 do 19 de xuño, primeira Lei de xuventude de Galicia, supuxo un cambio de modelo no que se refire ao órgano de representación do tecido asociativo xuvenil galego cara un verdadeiro sistema de representación da mocidade, coa extinción do Consello da Xuventude de Galicia e a creación dun novo órgano independente aberto a todas as asociacións xuvenís e con funcións asesoras e consultivas. O novo modelo, como xa se ten explicado en numerosas ocasións, xurdiu como resposta á situación de incumprimento reiterado das súas funcións por parte do anterior órgano.

Cómpre destacar tamén que a Lei reforza a participación xuvenil, colocándoa como sector básico da transversalidade xunto coa educación, o emprego, a vivenda ou o voluntariado, entre outros. Esta participación na sociedade pode estruturarse a nivel individual como a través de fórmulas asociativas ou mediante grupos informais e por iso, a maiores de posibles órganos colexiados como poden ser os consellos locais de xuventude (previstos na citada lei), desde a Xunta de Galicia foméntase de xeito decisivo a participación da mocidade galega a través das asociacións xuvenís e as súas federacións, das seccións xuvenís de asociacións non xuvenís ou mediante as novas fórmulas de asociacionismo xuvenil sen personalidade xurídica. Unha das ferramentas cuxo principal obxectivo é favorecer o asociacionismo e participación xuvenil é a liña de axudas anuais de Iniciativa Xove.

A maiores, e co fin de poder dar unha resposta axustada ás demandas e necesidades da mocidade galega de xeito continuo, a propia Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social ten elaborado informes de seguimento sobre



os diferentes plans estratéxicos, sobre os procesos participativos abertos en cada momento sobre cuestións que afectan á mocidade así como realización de análises e novas propostas para fomentar o emprego xuvenil, a emancipación e mellorar as oportunidades da xente moza. Con este fin nacerá tamén a futura oficina virtual de asesoramento e orientación xuvenil, que se porá en marcha nos próximos meses”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:48:59
Nº Rexistro: 28088
Data envío: 18/01/2022 11:48:59.124

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:48:52

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 25627**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Luis Bará Torres, sobre **“a demanda de actuacións en materia de seguridade viaria en Dorneda-Oleiros , A Coruña”**, (publicada no BOPG número 240 do 13 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Os criterios que permiten a disposición de pasos de peóns con prioridade nas estradas son obxectivos, e están pensados de modo que a disposición do paso de peóns non sexa máis prexudicial que o cruce da estrada sen el. Hai que ter presente que un paso de peóns establece prioridade para o peón, e se non se dan as condicións axeitadas na estrada e o condutor non percibe que está nunha zona urbana, agrávase o risco no cruce.

Por iso, se establecen criterios para a colocación de pasos de peóns, como que sexa treito urbano; que a velocidade da estrada sexa de 50 km/h e a liña do eixo continua, sen posibilidade de adiantamento; que haxa unha mínima visibilidade que permita a parada do vehículo no caso de cruce dun peón; que o treito conte con beirarrúas; que se restrinxa o aparcamento 10 metros antes do paso de peóns e que o paso conte con iluminación.

Neste condicionado baséase o informe técnico que non autorizou a disposición deste paso de peóns, xa que o atropelo en pasos de peóns é frecuente polo exceso de confianza destes ao dar o paso con prioridade unha falsa sensación de seguridade. O treito obxecto da solicitude ten baixa densidade de vivendas e marxes amplos, o que non axuda a que os condutores perciban que estean nun treito urbano.

Non obstante, e dado que isto non é unha problemática illada, estanse a revisar os criterios para ver se é posible adoptar medidas que axuden ao cruce seguro de peóns en situacións como a das paradas de autobús, e que poden ser medidas distintas aos pasos de peóns, xa que é evidente que as miles de paradas de autobús que hai en Galicia non poden contar cada unha delas cun paso de peóns.



Finalmente, sinalar que a Xunta de Galicia non tería problema en cambiar a titularidade desta vía en favor do Concello, para que este a xestionase de acordo co seu criterio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27879
Data envío: 14/01/2022 14:09:24.590

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:09:21

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 25702**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“as acusacións que fai Goberno galego a ao ex-subdirector de Relacións cos grupos de desenvolvemento rural do Agader e director do Banco de Terras”**, (publicada no BOPG número 240 do 13 de decembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Estas cuestións foron contestadas en Pleno parlamentario, con número de rexistro 25700, o pasado 22 de decembro do 2021 polo conselleiro do Medio Rural.

Remitimos o enlace coa resposta do conselleiro do Medio Rural:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ5ZTlkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQtYjY3NDA4ZjcxYWUz&start=7628>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:48:49
Nº Rexistro: 28263
Data envío: 19/01/2022 10:48:49.317

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:48:39

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 25759**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Manuel Lourenzo Sobral, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto das demandas veciñais do concello de Poio en relación coa mellora da seguridade viaria na estrada PO-308”**, (publicada no BOPG número 240 do 13 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As demandas veciñais e do Concello de Poio para a mellora da seguridade viaria na PO-308, á altura dos puntos quilométricos 9,000 a 9,500, tratáronse na reunión mantida na Delegación Provincial da Xunta en Pontevedra o 7 de setembro do pasado ano. Nesta reunión, a Xunta, que xa era coñecedora da problemática exposta, comprometeuse a estudala para, con posterioridade, redactar un documento técnico coas actuacións necesarias para a disposición dun paso de peóns nas condicións axeitadas de seguridade para todos os usuarios da estrada.

O paso de peóns ao que alude esta pregunta deseñaríase, por tanto, no documento técnico nomeado. Todas as obras realizadas neste entorno tiveron como finalidade mellorar as condicións de seguridade viaria, fundamentalmente as dos peóns. En calquera caso, o documento técnico a redactar ao que fai referencia esta resposta irá destinado a incrementar as medidas de seguridade viaria actualmente existentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27878
Data envío: 14/01/2022 14:09:15.528

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:09:01

CSV: BOPGDSPG-FajjhOk-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18183**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para impulsar a reforma do Centro de Día e Residencia de Maiores da Laracha”**, (publicada no BOPG número 173 do 26 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O centro de atención a persoas maiores da Laracha consta de centro de día, con capacidade máxima de 40 prazas, e de fogar residencial con 18 prazas. Está xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en colaboración con concello da Laracha, sendo a ocupación actual de 23 persoas usuarias no centro de día e de 18 no fogar residencial.

